

*Hai cousas que parecen lousas. Unha nova achega á fraseoloxía do Cachafeiro (Forcarei)*¹

Ramón Anxo Martíns Seixo
Escola Oficial de Idiomas de Vigo

Resumo: Edición de 542 locucións, fórmulas e refráns recollidos no Cachafeiro (Forcarei) entre 2005 e 2017.

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía, traballo de campo.

Abstract: Edition of 542 locutions, formulae and proverbs collected in O Cachafeiro (Forcarei) between 2005 and 2017.

Keywords: Galician Phraseology, Paroemiology, fieldwork.

1. Introducción

Nesta recolla reúno as unidades fraseolóxicas que fun ouvindo e anotando de 2005 a 2017 na aldea do Cachafeiro, pertencente ao concello de Forcarei, na Terra de Montes. Son exclusivamente fraseoloxismos ouvidos espontaneamente e en contextos reais.

O traballo desenvolveuse en tres fases. Na primeira fun anotando en calquera retallo de papel que tivese á man aquilo que me parecía unha unidade fraseolóxica e, sempre que me foi posible, o exemplo concreto. Eses apuntamentos funos pasando para un caderno e enchín unhas 75 páxinas. Na segunda fase, xa en 2015, comecei a decidir a maneira de presentar as expresións, as definicións, e a facer os exemplos que me faltaban. Por último, en 2017, reunín aquelas unidades sobre as que tiña dúbidas para llelas preguntar a cinco dos meus informantes. Os seus nomes son Áurea Barreiro, Jaime López, Arsenia Barreiro, Juan López e Margarita López. Debo dicir que as máis das expresións que incluío nesta recadádiva, con diferenza, ouvinllas a estas cinco persoas e mais a Gil Cabana, xa falecido.

¹ Data de recepción: 22.12.2016. Data de aceptación: 08.05.2017.

O galego do Cachafeiro pertence ao bloque central, do que podemos destacar os trazos seguintes: a) plural dos nomes acabados en *-n*: *ladrós, cas, ruís*; b) terminación *-ao* en palabras como *irmao, verao* ou *chao*; c) ditongo *oi* en palabras como *moito, escoitar, loita, troita, noite, oito* ou *coiro*; d) existencia de gheada (*logho*); e) ausencia total de seseo (*cinco, nariz*) e f) formas verbais *colliches, vendiches*. Por outra parte, ten tamén algunhas formas coincidentes coas do bloque occidental, en concreto a terminación *-án* para o feminino en palabras como *irmán* ou *lan* ou o pronome persoal tónico de segunda persoa *ti*. Finalmente, tamén son características desta fala as formas acabadas en *-eu* na terceira persoa de singular do pretérito de indicativo dos verbos acabados en *-ir* (*subeu, parteu*) ou o verbo *caír*.

En relación co aspecto anterior, respecto nos lemas as características do galego do Cachafeiro sempre que sexan variantes dialectais. Se corrijo algunha palabra, indico ao final da entrada a unidade fraseolóxica (de aquí en diante UF) tal como a ouvín. Nos exemplos utilizo as mesmas variantes ca nos lemas e alén diso procuro empregar outros trazos propios da fala deste lugar. En concreto as variantes dialectais que inclúo neste traballo son as seguintes: *agua, caír* por *caer, cas* por *cans, chao* por *chan, dou* por *deu, esto, eso, aquilo, irmán* por *irmá, irmao* por *irmán, lan* por *la, mañán* por *mañá, mao* por *man, mazán* por *mazá, pareu* por *pariu, pideu* por *pediu, saeu* por *saíu, sirveu* por *serviu, verao* por *verán* e *veu* (verbo *ver*) por *viu*.

Sobre o uso das conxuncións comparativas e da segunda forma do artigo, cómpre dicir que xeneralizo as solucións *coma* e *ca*, no primeiro caso, e non represento ese alomorfo do artigo (que é o habitual), no segundo, xa que, en ambos os casos, o seu uso polos meus informantes non é uniforme. Só manteño a segunda forma do artigo despois do signo # cando se trata de casos en que non se contempla a súa representación nunca na escrita (*Dio-lo faga mellor, póuca-las gracias*).

Debo facer agora unhas aclaracións sobre varios dos tipos de unidade fraseolóxica que recollo na epígrafe 2.2.2. (Locucións adxectivas e comparacións). No caso de que unha locución adxectiva teña tamén uso adverbial, recollo tamén ese uso nesta epígrafe e inclúo unha entrada remisiva en 2.2.4. (Locucións adverbiais).

Aínda que as comparacións estereotipadas en xeral teñen dúas variantes principais, que poderíamos presentar no lema (*máis pesado ca o chumbo / pesado coma o chumbo*), a primeira de desigualdade e a segunda de igualdade, só consigno a forma que ouvín, que é case sempre a segunda. En ocasións recollo tamén outra variante no lema [(*cabezudo*) *coma unha mula / (cabezudo) igual ca unha mula*]. Normalmente o adxectivo das comparacións pódese elidir e, cando me consta que é posible iso, póño entre parénteses, como en (*duro*) *coma un corno*. Con todo, hai veces que non teño claro que se poida facer (*feo coma un corno, rico coma un porco*).

Por outra parte, nas comparacións o habitual é que, se o referente está en singular e co artigo indefinido, se se trata dun substantivo contable, faga o plural sen o dito artigo (*duro coma un corno*; plural: *duros coma cornos*). De todas as maneiras, sería posible tamén que o referente estivese en singular. Se no referente aparece un substantivo non contable ou

colectivo, mantense na forma en singular (*branco coma a neve*, plural: *brancos coma a neve*; *seres coma a xente*, plural: *serdes coma a xente*). Cando a comparación en singular se usa co referente en plural, este mantense tamén cando se fai o plural (*máis vello ca os meus zocos*; plural: *máis vellos ca os meus zocos*).

No caso das locucións adverbiais que se poden usar en diminutivo, non inclúo esta variante no lema, senón despois da definición e entre corchetes. En realidade trátase dun só caso: *ao calado*.

Con respecto á indicación da frecuencia das locucións e as fórmulas –non dos refráns–, establezo catro posibilidades:

- a) UF sen asterisco: ouvina só unha vez e non é completamente segura nalgún dos aspectos;
- b) UF cun asterisco (*): ouvina poucas veces mais é totalmente segura;
- c) UF con dous asteriscos (**): é bastante frecuente e
- d) UF con tres asteriscos (***) : é moi frecuente.

Esta cuestión refírese á maior ou menor frecuencia de uso das expresións por parte dos meus informantes do Cachafeiro, non do galego en xeral. Para este punto contei coa axuda de Margarita López e, por tanto, trátase dunha apreciación persoal nosa.

Quixera, por último, agradecerlles aos meus informantes as súas inestimables axuda e amabilidade xa que, con certeza, este traballo non existiría sen eles. Os nomes e anos de nacemento dos principais son os seguintes: Áurea Barreiro Rivas (1929), Jaime López Varela (1930), Arsenia Barreiro Rivas (1927), Gil Cabana Carballo (1930-2012), Alfonso Barreiro Rivas (1925), Lola Vilar Penas (1932), Delfina López Varela (1921), Julia López Fernández (1943), Juan López Barreiro (1952), Margarita López Barreiro (1962) e Teresa Fernández Sieiro (1961). Son todos eles do Cachafeiro ou dalgún lugar próximo coa excepción de Gil Cabana, natural dunha aldea de Monterroso, aínda que viviu máis ou menos desde os 28 ou 29 anos no lugar. Considero este último dato pertinente pois algunha das expresións por el empregadas é posible que non o sexa polos máis, como indico nalgún lugar destas páxinas.

2. Recadádiva

2.1. Abreviaturas e símbolos empregados

COL. = coloquial.

comp. = expresión comparativa.

EUF. = eufemismo.

fig. = figurado.

fórm. = fórmula.

HUM. = humorístico.

l.adv. = locución adverbial.

l.adx. = locución adxectiva.

l.pron. = locución pronominal.

l.s. = locución substantiva.

l.v. = locución verbal.

PEX. = pexorativo.

ref. = refrán.

[u.c.] = unha cousa (suxeito de cousa).

[u.p.] = unha persoa (suxeito de persoa).

VULG. = vulgar.

* = unidade fraseolóxica algo frecuente.

** = unidade fraseolóxica bastante frecuente.

*** = unidade fraseolóxica moi frecuente.

> = remite a onde aparece a explicación.

= forma como foi ouvida a UF².

2.2. Locucións

2.2.1. Locucións substantivas²

1. **a carreiriña dun can** ** *l.s.* Unha distancia máis ben curta. *Desde aquí hai a carreiriña dun can.*
2. **a quinta virxe** *l.s.* COL. Un lugar moi afastado. *Había tanta xente na praia que tiveron que ir deixar o coche á quinta virxe.* # a quinta virghe.
3. **a raia de tres pedras** ** *l.s.* Xogo que consiste en poñer en liña, antes ca o rival, tres pedras ou fichas nun taboleiro cadrado en que cada lado ten tres puntos (un en cada extremo e outro no medio) mais outro no centro do cadrado. *De pequenos xogabamos moito á raia de tres pedras no chao.*
4. **agua chilra** ** *l.s.* COL. Bebida de pouca calidade, xeralmente pouco mesta ou con pouca substancia. [Dise do café, do caldo, da sopa...]. *Esta*
5. **bo peixe** *** *l.s.* COL. Persoa coa que hai que ter coidado, persoa mala ou pouco de fiar. *Meu avó disque era un bo peixe. / Bos peixes eses dous.*
6. **burra de panda / burro de panda** *l.s.* COL. Persoa da que se pode abusar. *Pensan que eu son unha burra de panda mais voules demostrar eu que non é así.*
7. **cara de can** *** *l.s.* COL. Expresión ou xesto de desgusto, hostilidade ou reprobación. *Botamos a sortes e tocoulle a ela. Se me tocasse a min, poñía cara de can.*
8. **cara de leite callado** ** *l.s.* COL. Cara moi pálida. *Que cara de leite callado tes!*
9. **cerna dura** ** *l.s.* Cousa moi dura; persoa que está dura, que está sa e forte. *Esa muller é cerna dura; ti sabes os anos que ten?* [Nota: a cerna é a

² Ás veces despois deste signo inclúo unha variante (*agua chilra/chilre*) ou o verbo co que foi ouvida a UF.

- parte interior e máis dura do tronco dunha árbore].
10. **cu aberto** *** *l.s.* COL. Persoa que deixa a porta aberta. *Este é un cu aberto, non hai maneira de que cerre a porta.*
 11. **espírito de contradición** ** *l.s.* Persoa que defende sempre o contrario dos outros. *Ti es un espírito de contradición, non se pode falar contigo.*
 12. **fame de can** *** *l.s.* COL. Fame grande. *Con este réxime teño unha fame de can.*
 13. **frío de can** *** *l.s.* COL. Frío intenso. *Pasamos un frío de can.*
 14. **mala hora** ** *l.s.* Momento desafortunado. *Dille que ela non debería ter en conta o que eu lle dixen nunha mala hora.*
 15. **mala lingua** ** *l.s.* Persoa que ten por costume murmurar ou calumniar. *Non lles hai que facer caso ás malas linguas.* # mala lengua.
 16. **mundos e moreas** *** *l.s.* COL. Moitas cousas, gran cantidade [de algo], [xeralmente riquezas ou cousas de valor ou importancia. Úsase con verbos como *facen, ofrecer, prometer, querer* ou *ter* e, a miúdo, ironicamente]. *Prometen mundos e moreas.*
 17. **ninguén que vai para ningures** *** *l.s.* COL. PEX. Persoa sen importancia, persoa insignificante. *Ese é un ningún que vai para ningures, non lle fagades caso.* # ninguíen que vai pra ningures.
 18. **o cabo do mundo** *** *l.s.* COL. Un lugar moi afastado. *Vós dicide que sodes do cabo do mundo.*
 19. **o ollo do paxariño** ** *l.s.* COL. O mellor sitio, un sitio privilexiado. *É normal que haxa tanta xente nesta zona, é o ollo do paxariño.*
 20. **oído de tuberculoso** * *l.s.* COL. Oído moi bo. *Non lle fai falta ningunha ir ao otorrinolaringólogo, ten oído de tuberculoso.*
 21. **óso malo de roer** *** *l.s.* COL. Cousa difícil, traballosa ou molesta; persoa difícil, complicada por algún motivo. *Temos aí un óso malo de roer.*
 22. **Piro Chosco** *** *l.s.* COL. O sono [Dise sobre todo falando cos nenos pequenos cando comezan a topelear]. *Vai para a cama que xa che está vindo o Piro Chosco.*
 23. **roupa vella** ** *l.s.* Comida en que se utilizan para a súa elaboración restos doutras. *Cos restos do xantar vou facer roupa vella.*
 24. **santo remedio** *** *l.s.* COL. Medida, decisión ou solución moi eficaz. *Fixen o que me dixeches e foi santo remedio.*
 25. **sopas de cabalo cansado** *** *l.s.* Pan mollado en viño (xeralmente tinto). *Vou facer unhas sopas de cabalo cansado que hai tempo que non as como.*
 26. **un mundo** ** *l.s.* COL. Gran cantidade, gran número. *Pasa por aquí un mundo de xente. / Non vai ser fácil encontrar a receita: alí hai un mundo de papeis.*
 27. **un nada e todo** *** *l.s.* Unha chisca, unha porción moi pequena [de algo]. *Ao bacallau quiteille un nada e todo.*
 28. **un ollo da cara** *** *l.s.* COL. Un prezo moi alto. *Custoulle un ollo da cara. / Sáelles por un ollo da cara.*
 29. **unha chea** *** *l.s.* Gran cantidade [de algo]. *Chamou Maruxa unha chea de veces. / Deus que os pareu, teñen unha chea de negocios!*
 30. **xustiza de carballeira** ** *l.s.* COL. Resolución dun asunto ou vinganza con violencia física. *Tantas lle fixeron que acabou facendo xustiza de carballeira.* # xusticia de carballeira.

2.2.2. Locucións adxectivas e comparacións

31. **á boa fe** ** 1. *l.adx.* Ben intencionado, sen malicia. *A miña avoa era moi boa, moi á boa fe.* 2. *l.adv.* Con boa intención, sen malicia. *Partiron á boa fe e foilles mellor.*
32. **a campo** ** *l.adx.* Sen cultivar, sen labrar [unha terra, un terreo etc.]. *Deixaron as terras a campo e dá mágoa velas.*
33. **a chupe** *** 1. *l.adx.* Vertical, en pendente, inclinado, empinado. – *Tendes que ter coidado nesa costa onda a Fonte da Pena que podedes escorregar. –É a chupe. / Esas esqueiras están moi a chupe.* 2. *l.adv.* Verticalmente, en pendente. *Para chegar á súa casa hai que subir a chupe durante media hora.*
34. **a monte** *** *l.adx.* 1. Sen cultivar [unha terra, un terreo etc.]. *Ten esa veiga a monte.* 2. Sen educación, sen disciplina [unha persoa]. *Este rapaz está a monte, a ver se o educades.*
35. **a pé** *** 1. *l.adx.* Levantado, sen estar deitado. *Cando chegamos era noite pecha mais aínda estaban a pé. / Inda andades a pé a estas horas?* 2. *l.adv.* Andando, camiñando. *Imos a pé a Forcarei? Só se tarda media hora.*
36. **á xaneira** *** *l.adx.* COL. [Úsase con verbos como *andar* e *estar*]. 1. En celo [Dise, xeralmente, dos gatos e doutros animais]. *Andan á xaneira as raposas.* 2. Por extensión, con desexo sexual [as persoas]. *Ese anda sempre á xaneira.*
37. **agarrado dos cartos** *l.adx.* COL. Apegado en exceso ao diñeiro, remiso a dar e gastar. *A ela quérolle, pero agarradiña dos cartos ben che é.*
38. **agudo coma un pemento** *** *comp.* COL. Moi agudo, moi espelido. *A rapaza que atende a túa tía é aguda coma un pemento.* # agudo coma un pimiento.
39. **(agudo) coma unha chispa** *** *comp.* COL. Moi agudo. *É coma unha chispa.*
40. **ata os ollos** ** *l.adx.* COL. Cheo, saturado, farto. *El, de capital, está ata os ollos.* # asta os ollos.
41. **(borracho) coma unha xota** ** *comp.* COL. Moi bébedo. *Beberon moito: viñan todos coma xotas.*
42. **(branco) coma a neve** *** *comp.* Moi branco. *Aí onde nace a agua hai uns coios brancos coma a neve.* # blancos (?) coma a neve.
43. **(cabezudo)³ coma unha mula** *** / **(cabezudo) igual ca unha mula** *** *comp.* COL. Moi obstinado, moi teimoso. *Vós tamén sodes cabezudos!, sodes igual ca mulas!* # terco coma unha mula / tercos igual ca mulas.
44. **(cego) coma as toupas** *** *comp.* COL. Completamente cego ou con pouca vista. –*Non vexo nada ben, teño que ir ao oculista.* –*E logo o teu irmao? O teu irmao está tamén coma as toupas.*
45. **co rabo entre as pernas** *** *l.adx.* COL. Avergoñado, humillado [Úsase con verbos como *fuxir*, *irse*, *saír* etc.]. *Se perden van co rabo entre as pernas.*
46. **coa boca aberta** *** *l.adx.* COL. Abraiado, sorprendido, admirado. [Utilízase sobre todo con verbos *deixar* ou *quedar*]. *Quedaron coa boca aberta. / Todos escoitaban coa boca aberta.*
47. **coa lingua na boca** *** *l.adx.* Con

³ Esta UF ouvina, como indico, co castelanismo “terco –a”, mais inclúo aquí o adxectivo “cabezudo –a” pois é unha palabra de uso bastante corrente no Cachafeiro. Na vila próxima de Cerdedo o que ovín foi “testudo –a”.

- apetito, con gana de comer. *Que? Vindes coa lingua na boca? / Xa estamos coa lingua na boca.* # estar/vir coa lingua na boca.
48. **coma a xente** *** 1. *l.adx.* Correcto, de bo comportamento, razoable. *A ver se vos ensinan a ser coma a xente.* 2. *l.adv.* Da maneira correcta ou axeitada, de xeito razoable, ben. *E ti non podes falar coma a xente? Non podes dicir as cousas doutra maneira?*
49. **coma se cantara un carro** *** COL. 1. *l.adx.* Indiferente, totalmente inútil. *Se eu llo digo é coma se cantara un carro.* 2. *l.adv.* Con total indiferenza, sen prestar atención, sen facer caso. *El oe coma se cantara un carro os consellos que lle dás e despois segue facendo o que quere.*
50. **coma un rebolo** ** *comp.* COL. Moi gordo. *Ela está coma un rebolo.* # estar coma un rebolo.
51. **coma un reloxo** *** 1. *l.adx.* Saciado, farto de comer e beber ben. [Úsase con verbos como *estar, ir* ou *quedar*]. *Hoxe quedei coma un reloxo.* 2. *l.adv.* Ben de saúde, sen problemas. –*Como estaba a túa tía? –Estaba coma un reloxo.* # coma un reló.
52. **como da agua ao viño** *** *l.adx.* Moi diferentes. *Os dous son como da agua ao viño.*
53. **contento coma un parrulo** * *comp.* COL. Moi contento. *Viña contento coma un parrulo.*
54. **cunha mao adiante e outra atrás** *** *l.adx.* COL. Sen diñeiro, sen posesións, sen recursos. *Veu cunha mao adiante e outra atrás.*
55. **cunha perna encima doutra** *** *l.adx.* COL. Sen facer nada, sen traballar. –*Mamá, que fas? –Estou cunha perna encima doutra.*
56. **das polainas** ** *l.adx.* COL. [A persoa] mencionada; [a persoa] a que me refiro. [Xeralmente ten un valor despectivo ou humorístico]. *E o médico das polainas ¿non o mandou irse sen lle mandar facer unhas análises? / Pois foivos o tal das polainas, si, o mesmiño que presumía tanto.* # o tal das polainas⁴.
57. **de balde** *** 1. *l.adx.* Gratuito. *Os billetes son de balde.* 2. *l.adv.* Gratuitamente, sen cobrar ou sen pagar. *Tenlle que pagar que a rapaza non lle vai de balde. / Non tivo que pagar, saeulle de balde.*
58. **de bo ano** ** *l.adx.* COL. Con aspecto saudable, con aspecto de ben alimentado, gordo. *A cara tena de bo ano.*
59. **de bo xacer** * *l.adx.* [Persoa] de boa condición, moi bo, fácil de contentar. *El é de bo xacer.*
60. **de carallo** *** 1. *l.adx.* VULG. Moi bo, excelente, impresionante; moi grande. *O chalé era de carallo. / Ten unha galbana de carallo.* 2. *l.adv.* Moi ben, estupendamente; moito. *A casa quedou de carallo. / Esta vez penso que me pasei de carallo, non tiña que dicir o que dixer.*
61. **de cedo** *** *l.adx.* Temperán, que madurece antes do habitual nos outros. [Dise de froitos ou vexetais]. *Estas mazáns de cedo son moi sabedeiras.*
62. **de ferro** *** *l.adx.* Duro, forte, resistente. *Sempre me esperta cando estou a durmir, el pensa que son de ferro.*
63. **de moito pistón** ** *l.adx.* COL. Moi grande, impresionante, tremendo. *Esta xente non hai quen cha entenda, é unha tarabela de moito pistón.*

⁴ Dos dous usos que aparecen nos exemplos (como complemento dun substantivo e como complemento do identificador “o tal”), só ouvíno o segundo.

64. **de punta** * *l.adx.* COL. Con actitude hostil, de mal talante, de mala vontade. *Non te poñas tanto de punta que xa debías estar cocido; estás canso de saber como é a xente.* # poñerse de punta.
65. **de tarde** *** *l.adx.* Serodio, que se dá ou madurece tarde [Dise de froitos ou vexetais]. *O millo de tarde xa está abondo grande.*
66. **(delgado) coma un fideo** *** *comp.* COL. Moi delgado. *A filla está coma un fideo.*
67. **(delgado) coma unha espadela** *** *comp.* COL. Moi delgado. *Esa rapaza está coma unha espadela.* [Nota: unha espadela é un utensilio de madeira, con forma de coitelo, empregado para espadellar o liño, ou sexa, tirarlle a casca batendo nel].
68. **dereito coma un fio** *** *comp.* COL. Moi dereito. *Desde alí vas dereito coma un fio.*
69. **do aire** ** *l.adx.* COL. [Persoa] pouco seria, pouco cumpridora, que muda logo de opinión, de pouco siso. [Úsase adoito con substantivos como *xente*]. *Tes un veciño un pouco do aire. / Xa che dicía eu que son xente do aire.* # xente do aire.
70. **do carallo** *** *l.adx.* VULG. Moi ruín, pésimo, desprezable. *–Agora ten tres días que non traballa. –Ese tamén é un negocio do carallo. / Pasei unha noite do carallo. / É un papán do carallo.*
71. **dun tempo** *** *l.adx.* Da mesma idade. [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *Todos somos dun tempo.*
72. **(duro) coma un corno** * *comp.* COL. Moi duro, de moita dureza. *Este anaco de pan está duro coma un corno / Os kiwis están duros coma cornos.*
73. **duro coma un garrufo** * *comp.* COL. [Persoa] Moi dura, moi forte. *Está duro coma un garrufo, inda habemos de ir antes todos nós.*
74. **(duro) coma un penedo** *** *comp.* COL. Moi duro, de moita dureza. *Este pexego está coma un penedo.*
75. **en bolina** *** *l.adx.* COL. Apurado, atarefado. *Cos preparativos para aquel banquete andabamos todos en bolina.*
76. **esfolado coma un cazón** * *comp.* COL. Moi esfolado. *Acabei co cu esfolado coma un cazón de tanta bicicleta.* [Nota: o cazón (*Galeorhinus galeus*) é un peixe mariño de esqueleto cartilaxinoso e pel áspera e grosa que, ás veces, despois de seca, servía de lixa. A UF se cadra vén de que este peixe case sempre se presenta nas peixarías esfolado].
77. **(falso) coma unha mula** *** *comp.* COL. Moi falso, moi traidor. *Este coche é falso coma unha mula.*
78. **feo coma un corno** *** *comp.* COL. Moi feo. *O rapaz é feo coma un corno, mais a ela gústalle.*
79. **fino coma a lan de gato** *** *comp.* COL. **1.** Moi agudo ou vivo; moi astuto. [Ás veces en sentido irónico]. *O Cachote é fino coma lan de gato.* **2.** Moi fino, moi esixente. [Ás veces en sentido irónico]. *Non che come de todo, é fino coma a lan de gato.*
80. **(grande) coma a roda dun carro** ** *comp.* COL. Moi grande [dito especialmente de certas cousas: empanadas, roscas, moletes etc.]. *A médica doume un medicamento coma a roda dun carro.* # coma a roda dun carro.
81. **(limpo) coma un coral** *** *comp.* COL. Moi limpo. *As patacas estaban limpas coma corais. / Ten a casa coma un coral. / A pintura da parede da sala*

- está descascada, mais o resto da casa está coma un coral.*
82. **(listo) coma a pólvora** ** *comp.* COL. Moi agudo. *A rapaza é coma a pólvora.* # é coma a pólvora. [Nota: nesta UF equipárase a agudeza dunha persoa coa rapidez da pólvora].
83. **máis pesado ca o chumbo** ** *comp.* COL. Moi aborrecido, moi pesado ou molesto. *Anda, pesado, que es máis pesado ca o chumbo.* # máis pesado ca o plomo.
84. **máis teso ca un garabullo** *** *comp.* COL. **1.** Moi dereito, moi estarricado, moi teso. *Sempre foi máis teso ca un garabullo e os fillos saen a el.* **2.** Cheo de presunción ou vaidade; moi orgulloso. *Anda máis teso ca un garabullo co novo posto na empresa.*
85. **máis vello ca os meus zocos** *** *comp.* COL. Moi vello. –“*A saia da Carolina*” é unha canción moderna. – *Non, ho, é máis vella ca os meus zocos!*
86. **malo coma a sarna** *** *comp.* COL. Moi malo. *Son malos coma a sarna.*
87. **(mollado) coma un pito** *** *comp.* COL. Moi mollado, empapado. *Ídesvos poñer coma pitos.*
88. **na cerna** ** *l.adx.* Moi duro, moi san e forte. *A túa cuñada xa ten máis de 90 anos mais estache na cerna.* [Véxase a nota da UF número 9].
89. **negro coma o acibeche** *** *comp.* COL. Moi negro; moi escuro. *É negro coma o acibeche.*
90. **nos biosbardos** *** *l.adx.* COL. Moi distraído, moi despistado, sen decatarse do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*]. *Hoxe andas nos biosbardos.*
91. **novos do trinque** *** *l.adx.* COL. Novo de todo. *Ten uns zapatos que comprou hai 15 anos novos do trinque.*
92. **para poñer nas orellas** ** *l.adx.* COL. Pequeno, escaso, curto [Aplicase xeralmente ás pezas de roupa ou ao calzado]. *Estes zapatos son pra poñer nas orellas.*
93. **para sacramentos** ** *l.adx.* COL. En mal estado físico, con pouca saúde. *Levou tal soba que se puxo para sacramentos.*
94. **pequeno coma un coucho** * *comp.* COL. Moi pequeno, moi baixo. *Veume visitar a médica. Doume un abrazo. É pequeniña coma un coucho, esa muller.* [Nota: coucho é un sinónimo de noz]. # Esta UF ouvinlla a Gil Cabana.
95. **que mete medo** *** COL. **1.** *l.adx.* [Cando modifica un substantivo]. Moi bo, excelente, impresionante; moi grande. *Tiñan un sabor que metía medo. / Dá cada voz naquela casa que mete medo. / Tes unha nugalla que mete medo.* **2.** *l.adv.* [Cando modifica un verbo]. Moito; moi ben, estupendamente. *Ao fritir o chourizo en viño, salta que mete medo. / A comida sabía que metía medo.* **3.** *l.adv.* [Cando modifica un adxectivo ou adverbio]. Moi + adxectivo ou adverbio. *Ese home é aburrido que mete medo. / Daquela erguíame cedo que metía medo.*
96. **que nin o demo** *** COL. **1.** *l.adx.* [Cando modifica un substantivo]. Moi grande, impresionante, tremendo. *Teño unha gripe que nin o demo!* **2.** *l.adv.* [Cando modifica un verbo]. Moito, tremendamente. *Os ourizos hai que os coller con coidado que pican que nin o demo.* **3.** *l.adv.* [Cando modifica un adxectivo ou adverbio]. Moi + adxectivo ou adverbio. *Era unha troita grande que nin o demo. / Onte veu tarde que nin o demo.*
97. **que nindiós** *** COL. **1.** *l.adx.* [Cando

- modifica un substantivo]. Moi grande, impresionante, tremendo. *Boteille unha rifa que nindiós. / Os rapaces facían un ruído que nindiós. 2. l.adv.* [Cando modifica un verbo]. Moito, tremendamente. *Apértao que nindiós. / Durante o sono roncaba que nindiós. 3. l.adv.* [Cando modifica un adxectivo ou adverbio]. Moi + adxectivo ou adverbio. *O fulano púxose desagradable que nindiós. / O lugar estaba lonxe que nindiós.*
98. **quente coma o caldo** *** *comp.* COL. Moi quente. *Esta cociña está quente coma o caldo.*
99. **(quente) coma un rixón** *** *comp.* COL. Ben quente. *Estaba na cama quentiña coma un rixón.* [Nota: un rixón é un anaco pequeno de touciño que se consome adoito na *torta de rixós* ou quente logo de pasado pola tixola para que solte parte da graxa].
100. **retorcido coma os cornos dun carneiro** * *comp.* COL. Moi retorcido. *Esa é retorcida coma os cornos dun carneiro.*
101. **rico coma un porco** *** *comp.* COL. PEX. Moi rico. [Dise como crítica]. *Ese fulano está rico coma un porco.*
102. **rubio coma unha guinda** ** *comp.* COL. Moi rubio, moi encarnado. *Estás rubia coma unha guinda.*
103. **(san) coma un buxo** *** *comp.* COL. Moi san, forte, con boa saúde. *–Eu non tomo ningún medicamento. –Ti estás coma un buxo. # sano/sana coma un buxo.*
104. **(torto) coma unha abeaca** * *comp.* COL. Moi torto [xeralmente dise das pernas]. *Ten as pernas tortas coma abeacas.* [Nota: chámase abeaca a cada unha das dúas pezas curvas do arado, de madeira ou ferro, colocadas atrás e de ambos os lados da rella e que serven para revirar e estender a terra levantada].
105. **(verde) coma o allo** *** / **(verde) coma un allo** *** *comp.* COL. Moi verde, sen madurar [vexetal]. *Esta pera está verde coma os allos.*

2.2.3. Locucións verbais

106. **abrir** [u.p.] **a boca** *** *l.v.* COL. Vender moi caro, pedir moito diñeiro. *–Por que non colledes a casa aquela en alugueiro? –Porque o dono abre a boca que mete medo.*
107. **abrir** [u.p.] **os ollos** *** *l.v.* Estar atenta e vixilante; darse conta da realidade. *Ti es o que tes que abrir os ollos.*
108. **abrir** [u.p.] **os ollos** [a alguén] *** *l.v.* Desenganar [alguén], facer ver a realidade [a alguén]. *Non lle abras os ollos, non lle expliques nada.*
109. **abrir** [u.p.] **(unha) canteira** ** *l.v.* COL. Comezar a falar dun asunto diferente. *Non lle preguntou máis nada porque se lle pregunta abre canteira.*
110. **aburrir** [u.p.] **a un santo** *** *l.v.* COL. Ser moi aborrecida, facer perder a calma, desesperar [alguén]. *Están sempre falando do mesmo. Aburren a un santo!*
111. **afogar** [u.p.] **nun vaso de agua** *** *l.v.* COL. Dar moita importancia a un pequeno problema, aflixirse ou preocuparse por un motivo insignificante. *Púxose a chorar e díxenlle eu: mira, non afogues nun vaso de agua. # non te afogues nun vaso de agua.*
112. **andar** [u.p.] **atrás** [de alguén] **coma un can** *** *l.v.* COL. Seguir constantemente [alguén]. *O problema teno el que anda atrás miña coma un can.*
113. **andar** [u.p.] **con panxoliñas** ** *l.v.* COL. Proceder con precaución e

- coidado para non ofender nin molestar. *A rapaza que os coida non che anda con panxoliñas, ponos a andar logo.*
114. **andar** [u.p.] **de ventre** *** l.v. EUF. Defecar. *Levo uns días sen andar de ventre.*
115. **apertar** [u.p.] **as caravillas** [a alguén] *** l.v. COL. Poñerse severa ou rigorosa [con alguén], presionar [alguén para obter algo del]. *A eses hai que lles apertar as caravillas un pouco.* # apertar as caravillas.
116. **apertar** [u.p.] **o cinto** *** l.v. COL. Facer economías, reducir o gasto. *A nós vainos custar menos apertar o cinto.* # apertar o cinto.
117. **arder** [u.c.] **nun candil** ** l.v. COL. Ser de calidade, boa, eficaz. [Dise sobre todo de bebidas e comidas]. *Fixemos unha sopa que arde nun candil.* / *Este viño arde nun candil.*
118. **armar** [u.p.] **ao merlo** * l.v. COL. Argallar algo, enredar. *Xogan o Barça e o Sevilla a Supercopa e eso que o Sevilla perdeu a final da copa. Ti mira como lle arman ao merlo.*
119. **beber** [u.p.] **coma unha draga** * l.v. COL. Beber moito. *O meu avó bebía viño coma unha draga e chegou aos 90 e tantos anos.*
120. **botalas** [u.p.] **fervendo** [a alguén] ** l.v. COL. Falar claramente, dicir as cousas directamente, sen rodeos. *El non anda con panxoliñas, el bótallas fervendo, por eso a el non lle conta nada e a min si.*
121. **botar** [u.p.] **as contas sen o taberneiro** *** l.v. COL. Planear sen medir as dificultades; crear falsas expectativas. *–Que prognósticos máis optimistas fai ese político! –El bota as contas sen o taberneiro.* # botar a(s) conta(s) sen o taberneiro.
122. **botar** [u.p.] **de conta** [algo] *** l.v. Imaxinar, supoñer. *El bota de conta que non vai ganar nada con eso.*
123. **botar** [u.p.] **lume** *** l.v. COL. Estar furiosa. [Úsase moito na construción **estar que bota lume**]. *Cando lle dixeron aquilo, botaba lume.* / *Meu pai está que bota lume.*
124. **botar** [u.p.] **mao a** [algo ou alguén] *** l.v. Recorrer a [algo ou alguén]. *Non hai a que botar mao para comer.*
125. **botar** [u.p.] **mao de** [algo ou alguén] *** l.v. Coidar de, ocuparse de [alguén ou algo]. *Temos que botar mao del que está moi delgado.*
126. **botar** [u.p.] **por alto** ** l.v. COL. Ser soberbia. *Non botes por alto, hai que ser un pouco máis humilde.*
127. **botar** [u.p.] **por largo** ** / **tirar** [u.p.] **por largo** ** l.v. COL. Gastar sen reparo. *Estaban habitados a tirar por largo e agora non poden, claro.*
128. **botar** [u.p.] **soberbias** *** l.v. COL. Vangloriarse, alardear; falar mal doutros ou facer críticas doutros que poden chegar a facer dela ou que poden volverse contra ela. *–Eu eso nunca o faría; é imposible que me pase a min algo así nunca na vida. –Si, bota soberbias, bota.*
129. **botar** [u.p.] **terra** [a algo] *** l.v. Facer que non se volva falar [de algo], facer que se esqueza, encubrir ou esconder [algo]. *Sempre acaban botándolle terra a asuntos deses.*
130. **botarse** [u.p. a alguén] **coma un can** *** l.v. COL. Poñerse moi alporizada [con alguén]; tentar agredir, atacar ou bater [a alguén]. *Botábase a eles coma un can.* / *Que mal lles sentou aos xornalistas o que lles dixo: botáronse a el coma cas.*
131. **caber** [u.c.] **na cabeza** [a alguén]

- *** *l.v.* COL. Poder comprender [esa cousa]; poder imaxinar [esa cousa]. *Non me cabe na cabeza que dixese eso.*
132. **cagar** [u.p.] **por ela** *** *l.v.* VULG. Ter moito medo. *Non están afeitos a esas acciós e cagan por eles.*
133. **caír** [u.p.] **da burra** *** *l.v.* COL. Recoñecer estar equivocada; rectificar; darse conta, comprender. *Por máis que lle explicamos como é a cousa, non cae da burra.*
134. **caír** [u.p.] **de pé** *** *l.v.* COL. Ter moita sorte. *Non deberían queixarse, eles en España caíron de pé.*
135. **caíren as aves do ceo** ** *l.v.* COL. Ir moita calor, quentar moito o sol. *Non saíades agora con este testeiro que caen as aves do ceo.*
136. **caíren as soberbias** [a alguén] *** *l.v.* COL. Incorrer en algo que antes criticara noutros, ocorrerlle algunha cousa de que alardeara que non lle sucedería. *–Tanto presumir que estaba coma un buxo e mirao agora. –A ese caíronlle as soberbias. / –Estou certo que a min eso non me vai pasar nunca; nin tolo. –Non botes soberbias que che poden caír.*
137. **caíren os ollos** [a alguén por algo] ** *l.v.* COL. Ollar [u.p.] con desexo [algo], agoar, devecer [por algo]. *Cáenche os ollos cada vez que miras.*
138. **calar** [u.p.] **a boca** *** *l.v.* COL. **1.** Non falar. *En casos así é preferible calar a boca.* **2.** Deixar de falar. *Cala a boca que cada un limpa o seu.* # calar/ calarse a boca.
139. **calar** [u.p.] **coma un afogado** ** *l.v.* COL. Ficar calada, non falar por precaución, discreción, temor ou timidez. *O teu pai cando lle botei na cara aquilo calou coma un afogado porque el sabía que eu tiña razón.*
140. **calcar** [u.p.] **ao carro** * / **cargar** [u.p.] **ao carro** *** *l.v.* COL. Beber alcol en exceso. *Gústalle este viño. Sabes por que? Porque lle carga ao carro e non lle fai mal.*
141. **cambiar** [u.p.] [dalgunha cousa] **coma de camisa** ** *l.v.* Mudar frecuentemente [desa cousa]. *Cámbianlles de nome como de camisa.*
142. **cambiar** [u.p.] **de tocata** *** *l.v.* COL. Modificar un hábito. *–Cambiei de tocata. –E logo? –Porque trouxen outras froitas.*
143. **cambiar** [u.p.] **os ollos polo rabo** *** *l.v.* COL. Saír perdendo [nun troco, nunha escolla], facer un mal negocio. *A de antes era moito mellor. Non che parece que cambiou os ollos polo rabo?*
144. **campar** [u.p.] **coma un perico** *l.v.* COL. Sentarlle ben a roupa. *Con aquel traxe campaba coma un perico.* [Nota: un perico é un carneiro].
- cargar** [u.p.] **ao carro** > 140
145. **cerrar** [u.p.] **a boca** [a alguén] *** / **tapar** [u.p.] **a boca** [a alguén] *** *l.v.* COL. Dicir algo que faga calar [alguén]; dicir algo que deixa sen argumentos [alguén]. *Gardo estes recortes para despois cerrarlles a boca a algúns.*
146. **cerrar** [u.p.] **de mao** [con alguén] ** *l.v.* COL. Entenderse [con alguén], poñerse de acordo [con alguén], ser cómplice [de alguén]. *Estiveron ben na entrevista que lles fixeron, parece que cerran de mao bastante ben.*
147. **cerrar** [u.p.] **os ollos** *** *l.v.* COL. Durmir. [Úsase máis en construcións negativas]. *Non cerrei os ollos en toda a noite.*
148. **cerrar** [u.p.] **unha chousa** ** *l.v.* Dar unha volta, facer unha camiñada, xeralmente grande, sen regresar polos

- mesmos sitios. *Hoxe cerramos unha boa chousa.* [Nota: unha chousa, no Cachafeiro, é un terreo de monte cercado].
149. **chamar** [u.p.] **aos pés señores** *
l.v. COL. Saír correndo, fuxir. *Non debe estar tan mal en Venezuela, se non chamáballes aos pés señores.* # chamarlle aos pés señores.
150. **chamar o demo as vacas** [a alguén] **
l.v. COL. [Dise cando alguén se mete en problemas]. *Pásanlle unhas cousas que parece que o demo lle chama as vacas.*
151. **chegar** [a alguén] **a agua ao pescozo** ***
l.v. COL. Pasar un grande apuro. *Cando lle chegue a agua ao pescozo xa o fará.*
152. **chegar** [u.c.] **ao vivo** [a alguén] ***
l.v. Afectar moito, provocar un fondo sentimento [a alguén]. *Cando lle chega ao vivo, reacciona.*
153. **coller** [u.p.] **as monteiras** [a alguén] **
l.v. COL. Perder o respecto, deixar de temer; dominar [alguén]. *Tenche collidas as monteiras.* / *Ten coidado que non che collan as monteiras os rapaces.*
154. **coller** [u.p.] **de corno** [alguén] ***
l.v. COL. Comezar a sentir manía [por alguén]. *Como diga eso xa a collen de corno.*
155. **coller** [u.p.] **o tempero** [a algo] ** l.v.
Saber como funciona. *Xa lle collemos o tempero a este forno.*
156. **comer** [u.p.] **a alma** [a alguén] ***
l.v. COL. Rifar [a alguén], intimidar, insistir [en algo] tentando convencer [alguén]. *Todo o día coméndome a alma. É un cabezudo.*
157. **comer** [u.p.] **a suor** [a alguén] ***
l.v. COL. Aproveitarse do traballo de alguén pagándolle pouco ou menos do que merece. *Non lle quero comer a suor: voulle pagar ao obreiro o que merece.* # comer o sudor a alguén.
158. **comer** [u.p.] **coma un ladrón** l.v.
COL. Comer moi rápido, ás presas. *Aquel día, despois do traballo, comemos coma ladróns e viñémonos.* # comemos coma ladróns.
159. **comer** [u.p.] **coma un lobo** *** l.v.
COL. Comer moito. –*Que tal comes?* –*Coma un lobo.*
160. **comer** [u.c.] **con un á mesa** ** l.v.
COL. Ser un gasto importante. *O coche come con un á mesa: tes que o arranxar, pagar o imposto municipal, as revisións, a gasolina...* / *A gasolina come con un á mesa.*
161. **comer** [u.p.] **lume** *** l.v. COL.
Aguantar unha situación que non agrada, reprimir a rabia ou a indignación. –*Aquela canción tiña contido social.* –*Tiña ¿e logo? Cando foi aquela canción comeron ben lume.* / *O Antón Losada debe comer máis lume...!*
162. **comer** [u.p.] **máis cos ollos ca coa boca** ***
l.v. COL. Pensar que vai comer máis do que realmente consegue comer. *Vós comedes máis cos ollos ca coa boca.*
163. **comer** [u.p.] **na cabeza dun tiñoso** [algo] *** l.v. COL. Saberlle moito [un alimento], gustar moito [dun alimento]. *Os spaghetti ti cómelos na cabeza dun tiñoso.*
164. **comer o demo** [alguén] *** / **levar o demo** [alguén] *** l.v. COL.
Desesperarse, consumirse, estar intranquilo. *O dono sempre enriba dos empregados e a ela cómea o demo que anden a mandar nela.* / *Á tía nai lévaa o demo co asunto ese dos teléfonos.* / *Ti sabes o que é unha persoa como o teu tío que non dorme de noite? Eso lévaa o demo.*

165. **contar** [u.p.] **o conto** ** *l.v.* COL. Vivir para o contar, continuar viva [despois de ter estado en perigo de morte]. *Sufrín moito no hospital, mais o importante é contar o conto. / Agora moito falas, mais a verdade é que case non contas o conto, salvácheste de milagre.*
166. **coñecer** [u.p.] **coma a palma da mao** [alguén ou algo] *** *l.v.* COL. Coñecer perfectamente. *El coñece esa parte da cidade coma a palma da mao.* # *conocer coma a palma da mao.*
167. **cortar coma unha lanceta** ** *l.v.* COL. Cortar moito. *Este coitelo corta coma unha lanceta.* [Nota: unha lanceta é un instrumento de cirurxía que corta moi ben].
168. **dar a camisa para a lavadura** [a alguén] *** *l.v.* COL. Seren maiores as ganancias ca as perdas, seren maiores os beneficios ca os prexuízos, compensarlle un gasto [a alguén]. *Ten que ir dúas veces ao día ao Grove e co que lle pagan imos ver se lle dá a camisa prá lavadura. / Agora aos que traballan páganlles moi pouco, non lles dá a camisa prá lavadura.* [Nota: se lavar unha camisa custa máis ca a propia camisa, non compensa o gasto]
169. **dar** [u.p.] **á lingua** *** *l.v.* COL. Falar, conversar; falar moito, normalmente cando se fai de maneira insubstancial. *–Pasouseme. –Claro, estás aí a darlle á lingua e non pensas en máis nada. # darlle á lingua.*
170. **dar** [u.c./u.p.] **a vida** [a alguén] *** / **valer** [u.c./u.p.] **a vida** [a alguén] *** *l.v.* COL. Ser [a alguén] de grande axuda [u.c./u.p.], servir [a alguén] de moito. *Daquela o Celta era o mellor cliente que tiña. Encargábanme moitos traxes. Déronme a vida. / Estar alí o meu irmao valeulle a vida ao meu sobriño.*
171. **dar** [u.p.] **a volta no xugo** *l.v.* COL. Mudar de idea, volver atrás [en algo]. *Cando cheguei alí dei a volta no xugo e vinme.* [Nota: cando o carro vai traseiro, ás veces a vaca ou o boi que está xunguido fai un movemento para se ceibar, iso é, en sentido recto, “dar a volta no xugo”].
172. **dar** [u.p.] **alas** [a alguén] ** *l.v.* Alentar, animar [alguén] a facer algunha cousa. *En vez de prohibirillo danlle alas.*
173. **dar** [u.p.] **de ollo** [a alguén] ** *l.v.* Facer un sinal cun ollo pedindo complicidade. *Cando mo dixo, doume de ollo.*
174. **dar** [u.p.] **máis voltas ca a nora dun muíño** *l.v.* COL. Ser moi inqueda, non poder estar quieta; andar dun sitio para outro. *Dás máis voltas ca a nora dun muíño.* # *dar máis voltas ca a nora (ou noria?) dun muíño.*
175. **dar** [u.p.] **na cabeza** [a alguén] ** *l.v.* COL. Causar molestia ou desgusto [a alguén]. *Eso faino para vos dar na cabeza.*
176. **dar** [u.c./u.p.] **na vista** * *l.v.* COL. Chamar a atención, notarse moito a presenza [de alguén ou dalgunha cousa]. *Tivérono que cambiar, daba moito na vista.*
177. **dar** [u.p.] **nos fociños** [a alguén] ** *l.v.* COL. Amolar, molestar, contrariar [alguén]. *É para darlles nos fociños aos veciños.* # *dar nos fuciños a alguén.*
178. **dar o corpo** [algo a alguén] *** *l.v.* COL. Presentir [algo]. *Non sei por que me dá o corpo que teu pai marchou de aquí para facer algo na cociña.*
179. **dar** [u.p.] **o peito** * *l.v.* COL. Afrontar unha responsabilidade, implicarse. *O*

- teu pai dou o peito durante os anos que lle durou o cargo.*
180. **dar** [u.p.] **pancada** ** *l.v.* COL. Facer algo, traballar; non ser preguiceira. [Úsase máis en construcións negativas como “non dar pancada” ou “sen dar pancada”]. *Teñen cartos en todos os sitios, eses non dan pancada.*
181. **dar** [u.p.] **polo pau** [a alguén] *** *l.v.* COL. Satisfacer [alguén]. *Si, ti ben que lle dabas polo pau.*
182. **dar** [u.p.] **un xeito** [a algo] * *l.v.* COL. Facer razoablemente ben [algunha cousa, xeralmente un labor ou unha actividade]. *Quedouche ben, décheslle un xeito.*
183. **dar** [u.p.] **unha volta ao inferno** [por non facer algo] ** *l.v.* COL. Ser moi preguiceira, facer o que sexa [para non facer determinada outra cousa]. *Por non te vestires dás unha volta ao inferno, meu fillo!*
184. **dar** [u.p.] **xeito** [a algo] ** *l.v.* Facer con habilidade [algo], facer ben [algo], mostrar moi boa disposición e calidades [para realizar algo]. *Pódeo facer ela. Ela dálle xeito.*
185. **deitarse** [u.p.] **no rego** *** *l.v.* COL. Renderse, darse por vencida, non ser capaz de facer ou de acabar algo. *Ese empezou a traballar con moito entusiasmo mais ao final deitouse no rego. / Dixo que me ía axudar mais na metade do labor deitouse no rego. / No rego non se pode un deitar.*
186. **dicir** [u.p.] **amén** [a algo] ** *l.v.* COL. Concordar [en algo], consentir [algo]. *El sempre lle di amén a todo.*
187. **doer a cabeza** [a alguén] * *l.v.* COL. Preocupar [algo a alguén]. *Dóeme a cabeza se quedades aquí no hospital a durmir de noite. / Dóeme a cabeza se caio e me manco.*
188. **durar** [u.p.] **tanto coma as pedras** *l.v.* COL. Durar moito. *Ese inda que dure tanto coma as pedras, ten diñeiro.*
189. **durmir** [u.p.] **coma unha pedra** *** *l.v.* COL. Durmir profundamente. *Os rapaces? Dormen coma pedras.*
190. **durmir** [u.p.] **nos dentes dunha grade** * *l.v.* COL. Durmir en calquera sitio. *Este rapaz dorme nos dentes dunha grade.* [Nota: a grade é un instrumento de labranza en forma de grella grande, de madeira ou de ferro, con dentes na parte interior, co que se achanda a terra e se desfán os terróns despois de labrada. Como é lóxico, non é cómodo durmir sobre os dentes dunha grade.]
191. **encher** [u.p./u.c.] **o ollo** [a alguén] *** *l.v.* COL. Gustar [de alguén ou dalgunha cousa], satisfacer [esa persoa ou cousa] [a alguén]. *Non hai un que che encha o ollo. / –A min as pandeireteiras non me enchen o ollo! –Pois ti o perdes.*
192. **enganchar** [u.p.] **nunha silva** *** *l.v.* COL. Deterse a falar con outra persoa un bo espazo de tempo ao se atopar por casualidade con ela. *Como tardaches! Enganchaches nunha silva?*
193. **esperar** [u.p.] **por zapatos de defunto** ** *l.v.* COL. Contar con algo que non vai ocorrer, que é difícil que ocorra ou que vai tardar moito, esperar inutilmente por algo ou por alguén. *A túa nai estaba esperando por quen a ía levar en coche pero ía tardar e díxenlle: non esperes por zapatos de defunto. / –Se me deixan toda a herdanza a min... –Non esperes por zapatos de defunto. # non esperar por zapatos de difunto.*
194. **estalar unha castaña na boca** [a alguén] *** *l.v.* COL. Ter un contratempo, non saíren as cousas como esperaba, levar

- unha decepción, unha desilusión. *Ao PP estaloulle unha castaña na boca ao ter que gobernar coa crise.*
195. **estar** [u.p.] **dun día para outro** *** *l.v.* COL. Ser inminente, estar a punto de suceder algo [xeralmente unha morte ou un parto]. *O veciño está dun día para outro. Non creo que saia do hospital.*
196. **estar** [u.p.] **na horta e non ver [u.p.] as verzas** *** *l.v.* COL. Estar moi despistada, non se dar conta de algo moi evidente. *Non sei como non te das conta, estás na horta e non ves as verzas.*
197. **estirar** [u.p.] **o pé máis ca a manta** *** *l.v.* COL. Gastar ou facer algo por riba das propias posibilidades ou forzas. *Eu non faría eses gastos, non se debe estirar o pé máis ca a manta.*
198. **facер** [u.p.] **a ida do corvo** ** *l.v.* COL. Irse e non volver. *Eso non é certo, o seu home nunca lle fixo a ida do corvo.*
199. **facер** [u.p.] **bo** [de alguén] *** *l.v.* Conseguir dobrear ou educar [alguén], conseguir que [alguén] abandone certos hábitos ou modos considerados malos e os adquira bos. [Úsase normalmente en construcións negativas]. *Non hai quen faga bo del.*
200. **facер** [u.p.] **boca** * *l.v.* COL. Tomar algún petisco como aperitivo para acompañar a bebida ou para estimular o apetito. *Imos comer uns anacos de xamón e de queixo para facer boca.*
201. **facер** [u.p.] **de corpo** ** *l.v.* EUF. Defecar. *Só me levantaba para facer de corpo.*
202. **facер** [u.p.] **e acontecer** [u.p.] *** *l.v.* COL. Facer moito. [Úsase xeralmente en sentido irónico]. *Como era de esquerda, acusárono de que facía e acontecía e era todo mentira.*
203. **facер** [u.p.] **pola vida** *** *l.v.* COL. Traballar, procurar medios de subsistencia. *Pois ala, voume facer pola miña vida.*
204. **facер** [u.p.] **torres no aire** *** *l.v.* COL. Facer proxectos fantásticos, irrealizables ou con poucas posibilidades de se realizaren. *Non fagas torres no aire que eso é moi improbable.*
205. **facер** [u.p. de alguén] **un pandeiro** *** *l.v.* COL. Facer [con alguén] o que quere, dominar completamente [alguén], abusar [de alguén]. *Fan de vós un pandeiro e vós deixádesvos manipular.*
206. **facер** [u.p.] **unha saia** [a alguén] ** *l.v.* COL. Rexoubar [de alguén], criticar [alguén]. *Débenme facer unha saia cando están ali todos...*
207. **faceren** [dúas ou máis persoas] **un pan coma queixo** *** *l.v.* COL. Conxeniaren, dárense ben [dúas ou máis persoas de características parecidas (ás veces en sentido negativo, especialmente se é para faceren trasnadas)]. *Eses dous comentaristas, Sabina e Millás, fan un pan coma queixo.*
208. **falar** [u.p.] **ao caso** *** *l.v.* Dicir as cousas oportunas conforme a unha determinada circunstancia. *A situación del é diferente porque, a pesar dos seus moitos anos, rexe ben e fala ao caso.*
209. **faltar unha cocedura** [a alguén] ** *l.v.* COL. Ser inmaturo ou facer ou dicir cousas que se consideran pouco sensatas. *A ese fáltalle unha cocedura.*
210. **ganar** [u.p.] **a cebada** * *l.v.* COL. Envorcallarse [unha cabalaría polo chan. Humoristicamente, tamén as persoas]. *–Esta é a foto de cando escorreguei e caín na lama, alá na Seara do Courel. –Fuches ganar a cebada.*

211. **haber fume na igrexa** ** l.v. COL. Ser unha ocasión moi especial. *Esa camisa é pra cando hai fume na igrexa. / Que deixe unha das dúas pezas pra cando haxa fume na igrexa.* # haber fume na igrexa/igreja. [Nota: esta UF talvez teña que ver co uso do incenso nas misas solemnes en ocasións ou festas importantes].
212. **haber que ir ao libro** *** / **ter** [u.p.] **que ir ao libro** *** l.v. COL. [Dise do que é moi difícil ou custa moito esforzo]. *Esta pastilla pra rompela...! Hai que ir ao libro. / Pra o tirar da cama tes que ir ao libro.*
213. **ir a agua polo seu rego** [a alguén] *** l.v. COL. Írenlle as cousas como quere, sérenlle as circunstancias favorables. *Está enfadado porque no traballo non lle vai a agua polo seu rego.*
214. **ir** [u.p.] **ao vulto** [a alguén] ** l.v. COL. Procurar [alguén] con intencións hostís. *Quíxolle ir ao vulto á criada e meteuse nunha boa lea. / Têñenlle que ir ao vulto á empresa que fixo a fraude, non aos clientes.*
215. **ir** [u.p.] **das mirras para as encollas** ** l.v. COL. Ir facéndose vella. *Eu xa che vou das mirras prás encollas.*
216. **ir** [u.p.] **indo** *** l.v. COL. Ir [a alguén] regular, nin moi ben nin moi mal [na vida, na saúde...]. *–Que tal che vai? –Imos indo.*
217. **ir** [u.p.] **para o monte Meao** ** l.v. COL. Morrer. *Ten coidado que, como non te coides, vas ir pró monte Meao.* [Nota: no monte Meao está o cemiterio municipal de Forcarei].
218. **ir** [u.p.] **para o outro mundo** ** l.v. Morrer. *Estiven moi enferma, estiven a punto de ir para o outro mundo. / El vai para o outro mundo se me fai eso.*
219. **írense** [varias persoas] **ás maos** ** l.v. COL. Agredírense mutuamente, pelexaren. *Coma eses que saen nos faladoiros da televisión que ás veces se van ás maos.*
220. **levantar** [u.c.] **o espiñazo** [a alguén] * l.v. COL. Dar ánimo, dar forzas, levantar [a alguén] os ánimos. *A esa amiga túa levántanlle agora o espiñazo os millós da herdanza da nai.*
221. **levar** [u.p.] **a contra** [a alguén] *** l.v. COL. Opoñerse ou dicir o contrario do que di [alguén]. *Non esteades a levarlle sempre a contra.*
- levar o demo** [alguén] > 164
222. **mallar** [u.p. en alguén] **coma no polbo** * l.v. COL. Baterlle, dar [a alguén] unha malleira. *Mallaron neles coma no polbo.* # mallar en alguén coma no pulpo.
223. **mandar** [u.c.] **carallo** *** l.v. VULG. Ser sorprendente [xeralmente por ser moi boa, magnífica, extraordinaria]. *Está unha churrascadiña ao lume que vai mandar carallo. / Onte mandou carallo: vento, chuvia...*
224. **matar** [u.p.] **a cabeza** ** l.v. COL. Pensar moito, esforzarse mentalmente. *Non mates moito a cabeza coa comida que nós comemos de todo.*
225. **matar** [u.p.] **dun tiro dous pombos** ** l.v. COL. Resolver ao mesmo tempo dous problemas. *Se tes que a visitar, vai o venres que vas ir coa túa tía ao hospital. Matas cun tiro dous pombos.* # matar cun tiro dous pombos / matar dun tiro dous pombos.
226. **mentir** [u.p.] **máis que falar** [u.p.] ** l.v. COL. Mentir moito. *Non os aturo, eses que saen na tele menten máis que falan.* # minten máis ca falan.
227. **mesturar** [u.p.] **papas con verzas** ** l.v. COL. Confundir ou mesturar cousas ou feitos moi diferentes. *Non*

- mesturedes papas con verzas, eso non ten nada que ver.* # mesturar/mezclar papas con verzas.
228. **meter** [u.p.] **a mao** [a/en algo] ** *l.v.* COL. EUF. Roubar. *O empregado da gasoleira metía a mao.*
229. **meter** [u.c.] **medo** *** *l.v.* COL. Causar moito asombro, provocar unha forte impresión. [Úsase sobre todo en exclamacións; ás veces ironicamente]. *Mete medo o desvergonzado que é! / Que frío ía! Metía medo! / –O que aprendemos con el! –Mete medo!*
230. **meter** [u.p.] **no cu** [algo a alguén] *** *l.v.* VULG. Contar [a alguén algo que pasou ou que lle contaron, xeralmente segredos]. *Ten que ter coidado co que fala coa compañeira que ten no traballo, que é unha cuza e logo llo vai meter no cu ao xefe.*
231. **meter** [u.p.] **os cas na bouza** ** *l.v.* COL. Provocar discordia, encerrar unhas persoas contra outras para que discutan ou se enfronten. *–Ti metes os cas na bouza. –Pra que collan un pouco de fría.*
232. **meterse** [u.p.] **en garavanzadas** *** *l.v.* COL. Implicarse en asuntos ou situacións complicadas. *A ti non che interesa meterte en garavanzadas.*
233. **mexar** [u.p.] **de risa** *** *l.v.* VULG. Rir moito. *Se lles dis eso mexan de risa.*
234. **mirar** [u.p.] **para os biosbardos** *** *l.v.* COL. Estar distraída, estar despistada ou abstraída. *Cae moi a miúdo. Debe andar mirando prós biosbardos.*
235. **mover** [u.p.] **unha palla** *** *l.v.* COL. Facer algo, tomar algunha iniciativa, facer un mínimo esforzo. [Úsase máis en construcións negativas como “non mover unha palla” ou “sen mover unha palla”]. *Non move unha palla, todo llo hai que facer.*
236. **non atar** [u.p.] **nin desatar** [u.p.] *** *l.v.* COL. Non decidirse, dubidar; ser persoa indecisa. *É moi pouco decidido, non dá atado nin desatado.*
237. **non calar** [u.p.] **nin debaixo da agua** ** *l.v.* COL. Falar en exceso. *Non o aturo, non cala nin debaixo da agua.*
238. **non dar** [u.p.] **a pé nin a mao** ** *l.v.* COL. Non se poder mover; estar morta ou como morta. *–Ese indixente que dorme ao pé dese comercio está sempre a durmir cando pasamos, sexa a hora que sexa. Non sei de que vivirá porque non se ve que pida esmola. –Xa non dá a pé nin a mao.*
239. **non dar** [u.p.] **feito** *** *l.v.* Estar moi atarefada, non conseguir resolver, atender ou terminar a tarefa. *Méteste en tantas leas que non vas dar feito.*
240. **non dar** [u.p.] **nin ter** [u.p.] ** *l.v.* COL. Non poder máis de cansazo. *Despois de tantas horas de traballo eu xa non daba nin tiña.*
241. **non estar** [u.c.] **na folla dun fento** *** *l.v.* COL. Non se encontrar en calquera sitio. [Úsase para ponderar o valor dunha cousa, sobre todo do diñeiro]. *Son 15.000 euros, 15.000 euros non che están na folla dun fento.*
242. **non estar** [u.p.] **soa** * *l.v.* COL. Estar bébeda. *Ese vénche do bar e eu sei que non che está só.* # non estar sola.
243. **non haber (máis) para onde ir** [con respecto a alguén ou a algo] *** *l.v.* COL. Ser insuperable, ser o grao máis alto de algo (calidade, avaricia, fachenda, mal humor...). *Peor ca ese político xa non hai para onde ir.* # xa non hai pr’onde ir.
244. **non haber que facer** [a algo] *** *l.v.*

- Non haber remedio. *Non te molestes, non hai que lle facer.*
245. **non ir** [u.p.] **no carro** [de alguén] **á misa** ** l.v. COL. Non lle resultar simpática ou non lle parecer de fiar [unha persoa a alguén]; non lle gustar [unha cousa a alguén]. –*Esa muller non vai no meu carro á misa.* –*Con esas ideas que ten... / Este viño comigo non vai á misa.*
246. **non ir** [u.p.] **pola toca, ir** [u.p.] **pola leva** l.v. COL. Non morrer cando lle correspondería por idade senón por outra circunstancia. *Era bastante nova mais xa se sabe que a cousa non vai pola toca, vai pola leva.*
247. **non llas cocer o corpo** [a alguén] ** l.v. COL. Estar intranquilo; ter que reaccionar por non poder aguantar a impaciencia ou por non admitir ou tolerar algo. *Non llas cocía o corpo e non se puido reprimir.*
248. **non pararen os cas atados** *** l.v. COL. Ir moito frío. *Que frío vai! Non paran os cas atados.* # non paran os cas atados / non paran os cas atados á porta.
249. **non pasar un día** [por alguén] *** l.v. Non presentar síntomas de envellecemento, estar ben conservado. *Non pasa un día por el.*
250. **non pedir** [u.c.] **pan** [a alguén] * l.v. COL. Non supoñer un gasto. [Dise de cousas que poden ser útiles e non hai problema en telas porque non ocasionan gasto ningún]. *Ese rapaz quere que lle vendamos a moto. Barata, claro, mais a min a moto non me pide pan ningún.*
251. **non pillar** [u.p.] **nin nas curvas** [alguén] *** l.v. COL. Ser moi difícil ver ou encontrar alguén. *Esta muller nunca está na casa, non se pilla nin nas curvas. / Non hai maneira de os ver, non se pillan nin nas curvas estes meus netos.*
252. **non pillar** [u.p.] **noutra fiada de lan** [alguén] l.v. COL. Non lle volver facer o mesmo a alguén nalgún asunto por estar esa persoa escarmentada. *Xa lle ten pasado eso varias veces e a ela non a pilla noutra fiada de lan. / A min non me pillan noutra fiada de lan.*
253. **non poder** [u.p.] **(nin) cunha galiña polo rabo** ** l.v. COL. Estar moi débil, moi cansa ou con moi pouco ánimo. *Desde que lle deron ese tratamento engordou e non pode nin cunha galiña... polo rabo.*
254. **non saber** [u.p.] **da misa amén** *** l.v. COL. Estar mal informada, descoñecer algo determinado. *Vós do que pasou na guerra non sabedes da misa amén.*
255. **non se mover unha folla** *** l.v. Haber calma completa, sen vento, sen brisa. *Que bo día está, agora si que non se move unha folla.*
256. **non ser** [u.p.] **ben** *** l.v. COL. EUF. Non ser moi asisada; non estar ben da cabeza, non ser normal, ser atrasada. *Ese home non é ben; ti sabes o que lle dixo ao fillo? / Os que fumades non sodes ben.*
257. **non ser** [u.c.] **ollo de santo (nin compás de carpinteiro)** ** l.v. COL. Non ser tan importante como para ter que acadar a perfección. *Non fai falta que te esmeres tanto, non é ollo de santo.*
258. **non ter** [u.c.] **dúbida** ** / **ter** [u.c.] **boa dúbida** ** l.v. COL. Non estar mal, non haber queixa, servir ben; non estar nada mal. –*Paramos en Agolada e compramos un queixo e pan. Comemos pan e queixo todo o día.* – *Ten boa dúbida.* 2. Non ter importancia.

- Arrédate da parede que te van furar.*
–*Non ten dúbida, non me furan.* # non ter duda / ter boa duda.
259. **non ter** [u.p.] **nin cera en orellas** *** *l.v.* COL. Non ter nada, ser moi pobre. *Ese non ten nin cera en orellas.*
260. **non ter** [u.p.] **papas na lingua** *** *l.v.* COL. Falar con claridade e sen medo, dicir o que pensa sen rodeos. *Esa muller non che ten papas na lingua.* # non ter papas na lingua.
261. **non ter** [u.p.] **parada** *** *l.v.* COL. Non poder estar quieta ou tranquila; non ter sosego, tranquilidade, descanso. –*Xa se foron, xa non están.*
–*Estes rapaces non teñen parada.*
262. **non ter** [u.c.] **traza** *** / **non ter** [u.c.] **traza nin xeito** ** / **non ter** [u.c.] **xeito nin dereito** ** *l.v.* COL. Non ter razón aparente, non ter lóxica ou sentido, ser defectuosa, non ter amaño, ser de difícil solución. *Puxéronnos un viño que aquilo non tiña traza. / Os seus fillos non teñen traza nin xeito. / Esta vida non ten xeito nin dereito.*
263. **non valer unha peseta falsa** * *l.v.* COL. Non valer nada. *Ese non vale unha peseta falsa.*
264. **non ver** [u.p.] **cousa ao paso** * *l.v.* COL. Resultarlle a alguén estraña ou sorprendente unha cousa. *Pasei un frío... Que barbaridade! Non vin cousa ao paso!*
265. **oír** [u.p.] **cantar carros** *** *l.v.* COL. Non entender ben unha cousa, interpretar mal unha información, un rumor... –*En Cataluña houbo comunismo na época da República.* –*Ti oíches cantar carros...*
266. **papear** [a alguén] **o cu coma un figo maduro** ** *l.v.* COL. Ter medo. *Ten medo de que Obama ataque Venezuela. Papéalle o cu coma un figo maduro.*
267. **para alá ir** [u.p./u.c.] ** *l.v.* COL. Ser pouco máis ou menos, ser case o mesmo [ca a persoa ou cousa mencionada]. [Úsase xeralmente en presente]. *O teu irmao é moi traballador e ti pra alá vas.*
268. **parecer** [u.c.] **a casa das canizas** *l.v.* COL. Haber moitas discusións e barullo. *Esta parece a casa das canizas, a ver se baixades a voz e falades de maneira civilizada.*
269. **parecer** [u.p.] **Cachafeiro de Liñares** * *l.v.* COL. [Dise de alguén que leva os pantalóns curtos e estreitos]. *Pon outro pantalón, home, que parece Cachafeiro de Liñares!* [Nota: Cachafeiro de Liñares foi un veciño do lugar].
270. **parecer** [u.c.] **un muíño** ** *l.v.* COL. Estar [un lugar] todo desordenado. *O teu cuarto parece un muíño. En canto non o arranxes un pouco non saes hoxe.*
271. **pasar** [u.p.] **as de Cristo** *** *l.v.* COL. Estar en situación difícil e comprometida. *Desta vez no hospital pasei as de Cristo.*
272. **pasar** [u.p.] **do risco** *** *l.v.* COL. Excederse. *Creo que está pasando do risco.*
273. **pasar** [u.p.] **máis frío ca un can de perdices** *l.v.* COL. Pasar moito frío. *Pasei máis frío ca un can de perdices.*
274. **pasar** [u.c. a alguén] **por vez** ** *l.v.* COL. Pasar [u.c.] por outra sen que o sexa, valer [u.c.] por outra, conformarse cunha cousa. *Dixo que non lle pasaba por vez non ir a Forcarei. / De comida para hoxe só teño esto, pero pásame por vez. / Para facer spaghetti, esta salsa de tomate pode pasar por vez, mais é mellor a outra.*
275. **pegar** [u.p.] **no sono** ** *l.v.* Adormecer.

- Non daba pegado no sono e tiven que tomar unha pastilla.*
276. **pegar** [u.c.] **un tiro** [a alguén] *** l.v. Non gustar nada [a alguén]. *A ese o traballo pégalle un tiro.*
277. **pensar** [u.p.] **na morte da becerra** ** l.v. COL. Estar abstraída, estar despistada, non prestar atención ao que a rodea. *Pra que riades un pouco téñovos que falar; se non, estades a pensar na morte da becerra.*
278. **perder** [u.c.] **o medo** ** l.v. COL. Poñerse [un alimento, xeralmente líquido] morno. *Deixa que perda o medo a agua e despois bótalle o mel.*
279. **perder** [u.p.] **os pés a correr** * l.v. COL. Correr moito. *Esperade, esperade aí! Perdían os pés a correr.*
280. **perdoar** [u.p.] **o mal que facer** [u.c. a alguén] **polo ben que saber** [u.c. a alguén] ** l.v. [Dise cando comemos ou bebemos algo de que gustamos moito inda que saibamos que non nos fai ben]. *–Non deberían comer así. – Eles perdóanlle o mal que lles fai polo ben que lles sabe. # perdónalle o mal que lle fai / perdónalle o mal que lle fai polo ben que lle sabe.*
281. **pintar** [u.p.] **a cana verde** ** l.v. COL. Facer ou producir unha desorde, un altercado, unha lea, armar moito barullo. *Cando veu Angela Merkel a Compostela houbo manifestaciós en contra e a policía bateu a torto e a dereito. Pintaron a cana verde.*
282. **pisar** [u.p.] **a cola** [a alguén] * l.v. COL. Afectar en algo que produce [a alguén] desgusto; provocar [alguén], procurar o xeito de molestar [alguén]. *Se lles pisan a cola arrepañense.*
283. **plantar** [u.p.] **salgueiros** ** l.v. COL. Entremeterse, querer impoñer a súa opinión, querer mandar. *Díxolle*
- ela: mira, non veñas aquí plantando salgueiros. E non necesitamos esas obras, a casa está ben como está.*
284. **poñer** [u.p.] **a andar** [alguén] *** l.v. COL. Amoestar severamente [alguén]. *Ela non anda con panxoliñas, ponos a andar logo.*
285. **poñer** [u.p.] **o carro diante dos bois** *** l.v. COL. Facer unha acción antes ca outra que, por lóxica, debería facerse primeiro, anticiparse a feitos que aínda non ocorreron. *Non me poñades o carro diante dos bois!*
286. **poñer** [u.p.] **o cu ás azoutas** ** l.v. COL. Aguantar, afrontar as adversidades con resignación. *–Vou ser operada en Montecelo dentro de 15 días. –Hai que poñer o cu ás azoutas.*
287. **poñer** [u.p.] **os cornos** [a alguén] *** l.v. COL. Ser infiel [ao seu compañeiro ou compañeira]. *Todos sabían que a muller lle poñía os cornos.*
288. **poñerse** [u.p.] **alto** [con alguén] ** l.v. COL. Ensoberbecerse, poñerse arrogante. *Non hai que poñerse alto cos policías porque podes acabar cunha boa multa.*
289. **presumir** [u.p.] **coma un rato enriba dun queixo** ** l.v. COL. Presumir moito. *Ese presume coma un rato enriba dun queixo.*
290. **quedar** [u.p.] **coma o can que almorza mal** ** l.v. COL. Ficar insatisfeita. *Despois das eleccións quedaron coma o can que almorza mal.*
291. **quedar un burato** [a alguén] * l.v. COL. Ter aínda apetito. *Aínda me queda un burato, vou comer un pouco máis.*
292. **queimar o bolso** [a alguén] * l.v. COL. Ser un gastador. *Quéimalle o bolso, non hai maneira de que se conteña. # quéimalle o bolsillo.*

293. **queimar o quente queimar o frío** [a alguén] ** *l.v.* COL. Non se decidir, dudar. *Non sabe se ir á cea cos pais ou cos sogros, quéimalle o quente quéimalle o frío.*
294. **quitarlle** [u.p.] **ao prato** ** *l.v.* COL. Botar menos comida, non comer de máis. *O que hai é que lle quitar ao prato, eso é o efectivo de verdade. # quitarlle ao plato.*
295. **rascar** [u.p.] **o carallo** *** *l.v.* VULG. Non facer nada útil, estar ocioso [un home]. *Estades aquí rascando o carallo, ¿por que non vindes axudarnos?*
296. **recachar** [u.p.] **as mazarocas** * *l.v.* COL. Morrer. *–A ver se che dan a xubilación para cobrarmos. –Despois recacho as mazarocas e fodíche.*
297. **revirar** [u.p.] **a chaqueta** ** *l.v.* COL. Mudar de opinión, de bando etc., por interese propio. *O fillo? Revirou a chaqueta completamente.*
298. **romper** [u.p.] **a cabeza** *** *l.v.* COL. Pensar con insistencia, facer un esforzo mental; aflixirse, agoniarse. *O concello tamén non quere romper a cabeza con quen é o dono das veigas.*
299. **saber** [u.p.] **o leite que dá** [alguén ou algo] ** *l.v.* COL. Coñecer ben [alguén ou algunha cousa]. *O hospital xa sabes o leite que dá. / Ti lévala para a casa e verás o leite que dá. / Teñen bochas nas maos; saben o leite que dá o prado.*
300. **saír a porca capada** [a alguén] * *l.v.* COL. Saír [a alguén] mal algo que esperaba que lle saíse ben, levar un desengano, unha decepción. *Con esa reforma pódelles saír a porca capada. # saír a porca capada a alguén.*
301. **saír** [u.p.] **dun souto e meterse** [u.p.] **noutro** ** *l.v.* COL. Saír dunha situación negativa e meterse noutra igual ou peor. *Agora ten outro mozo, mais non sei se non será saír dun souto e meterse noutro. # saír dun souto e meterse noutro.*
302. **sangrar** [u.p.] **coma un porco** *** *l.v.* COL. Sangrar con profusión. *O fulano sangraba coma un porco.*
303. **ser** [u.p.] **boa para (ir) buscar a morte** *** *l.v.* COL. IRÓN. Ser moi lenta, tardar moito, en especial en volver de facer unha encomenda. *–Este rapaz... –É bo para buscar a morte.*
304. **ser** [u.c.] **coma quen bate en ferro frío** *** / **ser** [u.c.] **coma quen maza en ferro frío** *** *l.v.* COL. Insistir inutilmente, sen resultado. *Xa llo propuxemos mais é coma quen bate en ferro frío.*
305. **ser** [u.p.] **coma unha lapa** *** *l.v.* COL. Acompañar insistentemente alguén, non se separar importunamente de alguén. *Aquela muller era coma unha lapa, non saía de encima.*
306. **ser** [u.p.] **de Madrid** * *l.v.* COL. [Dise das persoas que deixan a porta aberta]. *Sodes de Madrid, malo raio vos parta!*
307. **ser mellor facer** [a alguén] **un traxe ca manter** [esa persoa] * / **valer máis comprar** [a alguén] **un traxe ca manter** [esa persoa] * *l.v.* COL. [Dise de quen come moito]. *É mellor facerche un traxe ca manterte. # é millor facerche un traxe que manterte / vale máis comprarche un traxe que manterte.*
308. **ser** [u.c.] **o deus de** [alguén] ** *l.v.* COL. Gustar moito de [esa cousa, xeralmente unha actividade], ter moita ilusión por [esa cousa]. *As flores, o traballo no campo e esas cousas todas son o seu deus. / Todo o seu deus era cantar. # ser [u.c.] o dios de [alguén].*
309. **ser** [u.p.] **uña e carne** [con outra persoa] *** / **seren** [dúas persoas] **uña e carne** *** *l.v.* COL. Estar moi

- unida por vínculos de amizade con outra persoa; seren [dúas persoas] moi amigas. *Era uña e carne con Carlos. / Eses dous antes eran uña e carne.*
310. **ser** [u.p.] **xente** ** l.v. COL. Comportarse de maneira correcta, sensata, responsable. *Ti non es xente. / Hai que o ensinar a ser xente.*
- seren** [dúas persoas] **uña e carne** > 309
311. **soltar** [u.p.] **o cartó** ** l.v. COL. Gastar diñeiro. *Tivo que soltar o cartó.*
312. **suar coma un porco** *** l.v. COL. Suar moito. *Apañando as patacas suei coma un porco. # sudar como un porco.*
- tapar** [u.p.] **a boca** [a alguén] > 145
313. **ter** [u.p.] **a carne no espeto** ** l.v. COL. Ter persoas da familia relacionadas co asunto de que se está a falar ou que se está a criticar. –*Nós temos unha nora que ten experiencia en ser explotada por empresarios da hostalaría na zona de Sanxenxo, así que sabemos de que falamos. – Tes razón, cando un ten a carne no espeto...*
314. **ter** [u.p.] **a lingua na boca** ** l.v. COL. Ter apetito. *Imos cear que ti xa tes a lingua na boca. # ter a lingua na boca.*
315. **ter** [u.p.] **amarrado polo beche** [alguén] * l.v. COL. Ter no seu poder, ter á súa mercé, poder obrigalo ao que queira. *Teñen a xente amarrada polo beche. Eso é caciquismo.* [Nota: o beche é o conxunto de pelos alongados que teñen as cabras e os bodes na queixada].
316. **ter** [u.c.] **bo mal** ** l.v. COL. Non estar nada mal, non haber queixa. *Que non se queixen, se traballan os dous, teñen bo mal.*
- ter** [u.c.] **boa dúbida** > 258
317. **ter** [u.p.] **boa saia** *** / **ter** [u.p.] **unha saia (que [lle] arrastra)** *** l.v. COL. Ser egoísta ou aproveitada, facer o que lle convén en cada momento. *Ten unha saia...! / Tes boa saia!*
318. **ter** [u.p.] **de ollo** [alguén ou algo] ** l.v. 1. Vixiar [alguén ou algunha cousa] de preto, observar, controlar os movementos [de alguén]. *Ti tena de ollo.* 2. Sentir antipatía por [alguén]. *Eles a min téñenme de ollo.*
319. **ter** [u.p.] **no papo** [algo] * l.v. COL. Pensar [esa cousa]. *O que se altera di o que ten no papo.*
320. **ter** [u.p.] **o sangue mesturado coa merda** ** l.v. VULG. PEX. Ser de pouco ánimo, de pouca iniciativa, ser excesivamente tranquila, excesivamente pasiva ou calmosa. *Non sei como aguantou aquilo; ese debe ter o sangue mesturado coa merda! # ter o sangue mesturado coa merda.*
321. **ter** [u.p.] **o teo** l.v. COL. Non ter un comportamento normal, darlle unha arroutada, non parar quieto. *Tes o teo, a ver se te calmas un pouco.*
- ter** [u.p.] **que ir ao libro** > 212
322. **ter** [u.c./u.p.] **que ver** [con alguén ou algo] *** / **teren** [varias cousas ou persoas] **que ver** *** l.v. Estaren relacionadas. *Eso non ten que ver co que eu digo. / Aínda que se parezan moito, non teñen nada que ver.*
323. **ter** [u.p.] **un medo** [a alguén ou a algo] **coma ao lume** ** l.v. COL. Ter moito medo [a alguén ou a algunha cousa]. *Tenlle un medo a ese home coma ao lume.*
324. **ter** [u.p.] **unha forza coma un macho** l.v. COL. Ter moita forza. *Ese fulano ten unha forza coma un macho.*
325. **ter** [u.p.] **unha leira en Toledo** ** l.v. COL. Ter algún defecto, non ser de fiar. *Todos temos unha leira en Toledo.*

- ter** [u.p.] **unha saia (que [lle] arrastra)** > 317
- teren** [varias cousas ou persoas] **que ver** > 322
326. **tirar** [u.p.] **a pedra e esconder a mao** ** l.v. COL. Facer unha acción condenable e non se responsabilizar dela. *Sempre fan igual, tiran a pedra e esconden a mao.*
327. **tirar** [u.p.] **polas pulgas** [a alguén] ** l.v. COL. Provocar, procurar irritar [alguén]. *Se me tira polas pulgas vaime oír.*
- tirar** [u.p.] **por largo** > 127
328. **tocar** [u.p./u.c.] **o nabo** [a alguén] *** l.v. VULG. Amolar [alguén], importunar [alguén]. *As pernas teñen gana de nos tocar o nabo. / Non me toques o nabo! –dixo ela.*
329. **traballar** [u.p.] **coma un burro** *** / **traballar** [u.p.] **coma unha burra** *** l.v. COL. Traballar moito. *Esa muller traballa coma unha burra. / Hoxe traballei coma un burro.*
330. **traballar** [u.p.] **para quentar o corpo** * l.v. COL. Traballar ou esforzarse inutilmente ou sen recibir en troco un beneficio. *Xa estou farta de traballar pra quentar o corpo. Que non conten máis comigo.*
331. **traer** [u.p.] **ao rego** [alguén] ** l.v. COL. Convencer [u.p. alguén], conseguir que [alguén] faga caso, que teña un comportamento acorde co que desexa. *A ver ela se a trae ao rego, porque eu non fun capaz.*
332. **valer** [u.c.] **a pena** [a alguén] *** l.v. Compensar o esforzo, o traballo, o sacrificio que custa. *Non vale a pena discutir por unha cousa así. / Xa non lle vale a pena poñer a dentadura.*
- valer** [u.c./u.p.] **a vida** [a alguén] > 170
- valer máis comprar** [a alguén] **un traxe ca manter** [esa persoa] > 307
333. **ver** [u.p.] **a Deus polo cu dunha agulla** ** / **ver** [u.p.] **a Deus por un burato** ** l.v. COL. Sentir unha dor aguda e forte. *Bótaslle limón a unha ferida e ves a Deus polo cu dunha agulla. # ver a Dios polo cu dunha agulla / ver a Dios por un burato.*
334. **ver** [u.p.] **o cu á curuxa** *** l.ver. COL. Pasar por unha situación mala de verdade; presentir un perigo ou unha dificultade, coller medo. *Veulle o cu á curuxa e xa non pensa igual.*
335. **ver o demo** [alguén] *** l.v. COL. [Dise cando as cousas saen mal ou alguén ten un comportamento estraño. Úsase moito na formas seguintes: **nin que me/te... vira o demo, parece que me/te... veu o demo e seica me/te... veu o demo**]. *Sabes o que me pasou? Nin que me vira o demo! Ao almorzar case me desmaio.*
336. **ver** [u.p.] **o lixo no ollo dos outros e non ver** [u.p.] **no seu a viga** ** l.v. Reparar nos pequenos defectos dos máis e non se dar conta dos grandes defectos propios. –*Critica as amigas por cousas que ela mesma acostuma facer aínda peor. –Ela ve o lixo no ollo dos outros e non ve no seu a viga.*
337. **ver** [u.p.] **o lobo** *** l.v. COL. [Dise para referirse a quen vai co cabelo despeiteado ou de punta ou ten aspecto de ter sufrido unha forte conmoción. Úsase moito na formas seguintes: **parece que viches/veu... o lobo e seica viches/veu... o lobo**]. *Vaia cabelos teño, parece que vin o lobo. / Aquel rapaz parece que veu o lobo.*
338. **ver unha meiga** [alguén] ** l.v. COL. [Dise cando as cousas saen mal ou alguén ten un comportamento estraño. Úsase moito na formas seguintes: **nin que me/te... vira unha meiga, parece que me/te... veu unha meiga e seica**

- me/te... veu unha meiga**]. *Desde que me pasou aquilo veume unha meiga.*
339. **verse** [u.p.] e **desexarse** [u.p.] [para algo] ** *l.v.* COL. Ter moita dificultade [para facer esa cousa]. *Este ano pra organizar a festa voume ver e desexar.* # voume ver e desear.
340. **verse** [u.p.] **negra** [para facer algo] *** *l.v.* COL. Ter moita dificultade [para facer esa cousa]. *Rompín unhas costelas e pra me deitar vinme negra.*
341. **vir** [u.p.] **ao rego** *** *l.v.* COL. Transixir, atender a razóns [despois de moita insistencia ou moitos razoamentos por parte doutra]. *Téntao convencer ti, a ver se vén ao rego.*
342. **zampar** [u.p.] **unha patada** [a alguén] * *l.v.* COL. Dicer algo ofensivo ou agresivo, revelando ingratidade ou inxustiza. *Cando lle dixen aquilo zampoume unha patada.*
- 2.2.4. Locucións adverbiais**
- á boa fe** 2 > 31
343. **a cachón** ** *l.adv.* Formando burbullas, con forza. [Úsase co verbo *ferver*]. *A pota ferve a cachón, báixalle o lume.*
344. **á carreira** ** *l.adv.* Correndo, con rapidez. *Saeu á carreira. / Andan á carreira, non teñen tempo.*
345. **a chorro** ** *l.adv.* Formando chorro, de modo abundante. *Outras veces sangra polo nariz a chorro pero desta vez foron só unhas pingas.*
- a chupe** 2 > 33
346. **a contragusto** ** *l.adv.* Contra a vontade ou o desexo propio ou doutra persoa. *Ao final foi alí, mais a contragusto.*
347. **a darlle co pé** ** *l.adv.* COL. En abundancia, en moita cantidade. *Este ano hai amorias a darlle co pé.*
348. **a darlle co zoco** ** *l.adv.* COL. En abundancia, en moita cantidade. *A ameixeira daba ameixas a darlle co zoco. / Hai aí viseiras a darlle co zoco.* # a darlle co zoco / pra darlle co zoco.
349. **a eito** ** *l.adv.* Seguido, sen deixar nada atrás e sen escoller. *Colle as talladas a eito, non as escollas.*
350. **a embute** *** *l.adv.* COL. En gran cantidade, con abundancia. *–Non entran moscas. –Hai moscas a embute.*
351. **a escachar** ** *l.adv.* COL. En cantidade, con abundancia. *Dálle viño a escachar.*
352. **a esgalla** ** *l.adv.* COL. En gran cantidade, con moita abundancia. *Ala! Chuvia a esgalla! / –Queres máis lentellas? –A min xa me botou a rapaza a esgalla. / A cociña ten cartós a esgalla.* # a ergalla.
353. **a fume de carozo** ** *l.adv.* COL. Con moita rapidez. *Se fas como che eu digo, as claras soben a fume de carozo.*
354. **a mantido** *** *l.adv.* Con dereito ás comidas [traballando para alguén por unha retribución]. *Traballaban a mantido: pagábanlles unha cantidade e dábanlles a comida.*
355. **a montón** * / **a montós** *** *l.adv.* COL. En gran cantidade, abundantemente. *Antes no fútbol había goleadas a montós. / Disque este ano colleron na noceira da súa veciña nocés a montón. / Díxolle cousas desas a montón.*
356. **á noiteña** *** *l.adv.* Ao anoitecer, nas primeiras horas da noite, despois do solpor e antes de que sexa noite pecha. *Á noiteña collín un sacho pequeno e sachei todo.*
357. **a papo cheo** *l.adv.* Profundamente. [Úsase co verbo *durmir*]. *Cando chegaches el durmía a papo cheo.*
- a pé** 2 > 35
358. **a pé firme** ** *l.adv.* De pé e sen se

- mover. *O que non me senta ben é estar a pé firme mais si andar un pouco. / Funme de alí porque non aguantaba a pé firme.*
359. **á pioca** ** *l.adv.* COL. Sen medios de subsistencia, na pobreza, na indixencia, en estado miserable e lastimoso. [Usase con verbos como *andar, casar, deixar, morrer* ou *vivir*]. *Que queres? Que morra alá á pioca?*
360. **a rastro** *** *l.adv.* Arrastrando ou arrastrándose. *Anda moi a rastro cos pés.*
361. **á recueira** ** *l.adv.* Para atrás, recuando (en sentido recto ou figurado). *Tirou á recueira o vehículo. / Van á recueira, están vendendo as súas propiedades.*
362. **a rego cheo** ** *l.adv.* COL. En abundancia, con fartura, sen taxa. *Poñían polbo a rego cheo.*
363. **a rentes** *** *l.adv.* Moi preto, rozando ou case rozando unha superficie. *Non me gusta cando se afeitan así a rentes que lles brilla a cabeza.*
364. **a repelo** ** *l.adv.* A desgusto, contra a propia vontade. *Está no hospital a repelo.*
365. **a rolos** ** *l.adv.* Dando voltas sobre si mesmo, rodando. *Está redondo coma unha pelota; ese, se quere, chega á Ponte a rolos.*
366. **a seco** *** *l.adv.* Sen dereito ás comidas, mais si a beber viño [traballando para alguén por unha retribución]. *Eses prefiren vir a seco.*
367. **a tal hora** *** *l.adv.* Neste momento. *A tía foi coller o avión ao Porto. A tal hora está en Venezuela.*
368. **á tardiña** *** *l.adv.* Nas últimas horas da tarde, cando comeza a poñerse o sol. *Tendes que ir á tardiña.*
369. **a todo dar** *** *l.adv.* COL. Coa máxima intensidade. *Aquel casamento foi a todo dar. / Ela tocou aí o tambor a todo dar.*
370. **a uña de cabalo** *** *l.adv.* COL. Ás présas. *Eu tiña que ir polo neno a uña de cabalo.*
371. **á usma** ** *l.adv.* En actitude de osmar, tratando de saber ou de se informar dos asuntos alleos, de maneira indiscreta ou só por curiosidade. *O meu neto sempre está á usma nas conversas dos adultos. / Ela estaba á usma para ver se mo dicía ela. # (estar) á urma.*
372. **a varrer** ** *l.adv.* COL. En abundancia, en gran cantidade. *Puxeron xamón e queixo a varrer.*
373. **a vulto** *** *l.adv.* Sen medir nin calcular con exactitude, de modo aproximado. *Fixo os chourizos así a vulto e botoulles tanto picante que non se comían.*
374. **a xeito** ** / **ao xeito** ** *l.adv.* Adecuadamente, oportunamente, apropiadamente, ben. *Heillo de dicir un día que me veña a xeito.*
375. **á xunta** ** *l.adv.* Ao mesmo tempo. *Metéronse tres á xunta e, claro, ao cárcere todos!*
376. **ao calado** ** *l.adv.* Secretamente, ocultamente; sen chamar a atención. [Tamén se di **ao caladiño**]. *Facía as cousas sempre ao caladiño, non era boa persoa. / Andan así ao calado.*
377. **ao conto** *** *l.adv.* COL. De conversa. En especial cando se trata de falar dos demais ou de saber das vidas alleas. [Úsase con verbos como *andar, estar, ir* e *quedar*]. *Quedan na casa do teu tío ao conto. / Está ao conto no adro da capela.*
378. **ao dereito** ** *l.adv.* Directamente. *Vós ides ao dereito prá cama.*
379. **ao lombo** *** *l.adv.* 1. Sobre o lombo.

- Tiven que levar eu ao lombo as cousas todas. 2. fig.* Ao cargo [de alguén], baixo a responsabilidade [de alguén]. *Fomos cear fóra e a conta foime a min ao lombo. / Caeulle ao lombo o cego.*
- 380. ao rabo** *** *l.adv.* COL. Detrás, seguindo continuamente [alguén]. *Vén aí co fillo ao rabo. | Sempre anda con el ao rabo.*
- 381. ao remanso** * / **en remanso** * *l.adv.* Dando rodeos, dando curvas, en zigzag. [Úsase con verbos como *baixar* ou *subir*]. *A Delfina di que sobe as costas en remanso que así as sobe mellor. / Ela está mellor ca min: eu esa costa téñoa que subir ao remanso.*
- ao xeito** > 374
- 382. aos pértegos** ** *l.adv.* COL. A divertirse. *Andas aos pértegos pola noite e despois pasas o día na cama. # andar aos pértegos/pértegos.*
- 383. ás escuras** * *l.adv.* Sen luz ningunha. *Por que estades ás escuras?*
- 384. ás leguas** ** *l.adv.* De xeito claro e evidente, moi ben. [Úsase con verbos como *coñecer*, *ver* ou *notar*]. *Que ese home ten unha incapacidade vese ás leguas.*
- 385. ás veces** *** *l.adv.* Nalgunhas ocasións. *–E comes ben? –Ás veces.*
- 386. ata as orellas** ** *l.adv.* COL. Completamente, totalmente. *Ese equipo está empeñado ata as orellas. # asta as orellas.*
- 387. coa lingua pequena** ** *l.adv.* COL. [Úsase xeralmente con verbos de lingua: *comentar*, *dicir*, *falar*...]. **1.** En voz baixa; para si. *Coa miña lingua pequena dicía eu: “que ben o fixeron”.* **2.** Sen sinceridade, sen convicción. *El dío coa lingua pequena mais non pensa así. # coa lingua pequena.*
- 388. coma a chuvía** * *l.adv.* En abundancia.
- Nesta aldea os homes morreron coma a chuvía. / Este ano hai mazáns coma a chuvía. # coma a lluvia/chuvia.*
- 389. coma a pólvora** ** *l.adv.* COL. Con moita rapidez. *Fuches buscar agua da Fonte da Pena e viñeches coma a pólvora.*
- coma a xente** 2 > 48
- 390. coma con ovos** ** *l.adv.* COL. Con moito coidado, con moita delicadeza, con precaución. [Úsase con verbos como *andar* ou *traer*]. *Hai que andar con ela coma con ovos.*
- 391. coma Deus** ** *l.adv.* COL. Moi ben. *Non te queixes, ti estás coma Deus. # estar coma Dios.*
- 392. coma o can e o gato** *** *l.adv.* COL. Moi mal, con enfrontamentos ou pelexas constantes. [Úsase xeralmente con verbos como *andar*, *estar*, *levarse*...]. *Eses irmaos lévanse coma o can e o gato.*
- 393. coma o carallo** ** *l.adv.* VULG. Mal. *Este centro funciona coma o carallo. / Como estou? Estou coma o carallo. E logo por que che parece que estou nesta cama deste hospital?*
- 394. coma o demo** *** / **máis ca o demo** *** *l.adv.* COL. Moi + adxectivo ou adverbio. *Este televisor funciona mal coma o demo. / O pan está duro coma o demo. / Ese veterano político xa pasou por todo, está el máis cocido ca o demo. # coma o demo / máis ca o demo/ demonio.*
- 395. coma o unto ás verzas** ** *l.adv.* COL. Moi ben. [Úsase con verbos como *estar* ou *ir*]. *O peiteado estalle coma unto ás verzas.*
- coma se cantara un carro** 2 > 49
- 396. coma terra** *** *l.adv.* COL. En abundancia, en cantidade. *Ese fulano ten diñeiro coma terra.*

397. **coma un fogo** ** / **coma un foguete** ** *l.adv.* COL. Con rapidez, a toda présa. [Adoita usarse con verbos de movemento como *andar, fuxir, saír* ou *vir*]. *Ao que comeron o polbo veu coma un fogo.* # *correr/vir coma un fuego; marchar coma un cohete.*
398. **coma un rei nunha cesta** ** *l.adv.* COL. Moi ben, moi comodamente, á vontade. [Úsase con verbos como *encontrarse, estar* ou *ir*]. *Que ben estás, estás coma un rei nunha cesta.*
- coma un reloxo** 2 > 51
399. **coma un trinquete** ** / **coma unha trinqueta** ** *l.adv.* COL. Perfectamente, moi ben, forte, san, espelido. [Úsase sobre todo co verbo *andar*]. *Só pasou unha semana da caída e ti andas coma un trinquete. / A nena xa anda coma unha trinqueta.*
400. **coma unha chispa** *** *l.adv.* COL. Con moita rapidez, velozmente. *Fun ao baño correndo coma unha chispa.*
- coma unha trinqueta** > 399
401. **da noite para a mañán** ** *l.adv.* En moi curto espazo de tempo. *Díxonolo da noite prá mañán e pra nós foi unha sorpresa moi grande.*
- de balde** 2 > 57
- de carallo** 2 > 60
402. **de concello** * *l.adv.* COL. A conversar. [Úsase con verbos como *andar, estar* ou *seguir*]. *Levan toda a tarde aí de concello.*
403. **de fociños** *** *l.adv.* COL. De fronte; de fronte e boca abaixo; dando coa cara [contra algo, caendo, levando un golpe]. *A ver se vai caír de fociños na veiga.* # de fuciños.
404. **de ganchete** *** *l.adv.* [Collido(s)] do brazo, dobrado a modo de gancho. *Ía de ganchete co marido.*
405. **de golpe** *** *l.adv.* De modo súbito ou brusco. *As persianas, se as deixas caír de golpe, estráganse.*
406. **de marabilla** ** *l.adv.* Moi ben. *Na casa estaba de marabilla.*
407. **de mollo** ** *l.adv.* [Úsase con verbos como *deixar, estar* ou *poñer*]. Dentro de auga ou doutro líquido [para que amoleza, para lle tirar o sal etc.]. *As fabas, ou sexa, as ervellas, como as denominamos aquí, déixalas de mollo. / Antes de saíres ponas de mollo.*
408. **de par en par** *** *l.adv.* De todo [Úsase con *abrir* ou *aberto* e xeralmente referido a portas ou xanelas]. *A ventá está aberta de par en par.*
409. **de propio intento** ** *l.adv.* De propósito, de maneira intencionada. *Veu de propio intento de Madrid para a festa. / Fomos a Salamanca de propio intento para comprar a campá.*
410. **de punta a cabo** ** *l.adv.* Do comezo ao fin, dun extremo ao outro, por completo. *Aquí hai corrupción de punta a cabo.*
411. **de rabo a orella** ** *l.adv.* COL. Con todo o corpo estendido no sentido lonxitudinal. [Úsase con verbos como *deitarse, estarricarse* ou *estenderse*]. *Na cama estou mellor porque podo deitarme de rabo a orella. / Velai a tes tombada de rabo a orella no sofá todo o día.* # *deitarme de rabo a orella.*
412. **de raio** *** *l.adv.* COL. **1.** [Cando modifica un verbo] Moito. *O radiador queceu de raio.* **2.** [Cando modifica un adxectivo]. Moi + adxectivo. *O home era feo de raio.*
413. **de rebolo** ** *l.adv.* Arrebolándoo, lanzándoo. [Úsase con verbos como *botar, lanzar* ou *guindar*]. *Vouche mandar esto de rebolo.*
414. **dous días nun verao** * / **tres días**

- nun verao** ** *l.adv.* COL. Un espazo de tempo moi breve. –*A filla da Paca botou mozo.* –*Si, dous días nun verao, xa verás ti o que lle dura.* / –*Moceou con el mais foi pouco tempo.* –*Tres días nun verao.* # dous/tres días nun vrao.
- en remanso** > 381
415. **en tempo** *** *l.adv.* Con tempo suficiente. *O que hai é que andar en tempo.* / *Imos nós en tempo, pra axudar a facer a comida, que son moitos convidados.*
416. **fóra de tempo** ** *l.adv.* Fóra do momento que lle corresponde; fóra de sazón. *As noces son coma as laranxas, están fóra de tempo.*
417. **ida por volta** ** *l.adv.* COL. Sen se demorar moito. *Vou ida por volta, así que non chegarei tarde.*
- máis ca o demo** > 394
418. **mal coma un can** ** *l.adv.* COL. Moi mal. *Hoxe estou regular, onte estiven mal coma un can.*
419. **na brasa** * *l.adv.* COL. Con velocidade, con présa. *El anda sempre na brasa.*
420. **na fura dianteira** *** *l.adv.* COL. [Úsase con verbos como *estar* e *ir*]. **1.** De primeiro, diante. *Vino na manifestación. Ía na fura dianteira.* / *No autobús eu ía na fura dianteira, nos primeiros asentos.* **2.** Ben vestido, elegante; cheo de orgullo. *Hoxe vai na fura dianteira, debe ir a algún acto importante.* **3.** Destacando, facéndose notar. *Esa política famosa agora está sempre na fura dianteira: sae moito nos medios de comunicación.* [Nota: as furas da cabezalla do carro son uns buratos que ten na parte anterior para meter a chavella, peza esta que se usa para suxeitar o carro ao xugo cos bois ou vacas por medio dunha correa (o loro). A locución alude a cando a chavella se pon na fura dianteira].
421. **na punta da póla** *** *l.adv.* COL. Destacando, chamando a atención, nos primeiros lugares. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *seguir*]. *Esa política agora xa non sae tanto nos medios de comunicación, está escondida. Antes estaba na punta da póla continuamente.*
422. **nin pola veiga da porta** ** *l.adv.* COL. Absolutamente por nada, de maneira ningunha. [Úsase en frases negativas con diferentes verbos, como *dar*, *deixar*, *facer* etc.]. *Un restaurante eu non o collería nin pola veiga da porta, ¿ti sabes o traballo que dá?* [Nota: a veiga que está ao pé da casa é a máis valiosa]
423. **no aire** * *l.adv.* Con rapidez, no instante, ao momento. –*Aí andan outra vez os das motos.* –*Deus os aparte, que vén un deses tolos e chimpanos para o burato no aire.*
424. **no medio da merenda** ** *l.adv.* COL. No medio dun acontecemento (xeralmente unha lea ou conflito). *Veuse no medio da merenda e só pasaba por alí.* / *Tes que estar aquí, no medio da merenda.*
425. **no seo da manta** ** *l.adv.* COL. Sen facer algo, sen se expoñer a algo, sen se implicar en algo. [Úsase xeralmente co verbo *quedar*]. *Tiñamos todos que axudar na obra pero el, coma sempre, quedou no seo da manta.*
426. **nun dicir Xesús** ** *l.adv.* COL. No instante, en moi breve espazo de tempo. *Púxoo nun dicir Xesús.* # nun dicir Jesús.
427. **nun voo** * *l.adv.* Moi rapidamente. COL. *A roupa con este tempo seca nun voo.* # nun vuelo.
428. **nunha carreira** ** *l.adv.* COL.

- En moi pouco tempo, enseguida. *Facemos a comida nunha carreira. / Os encrucillados eu fágoos nunha carreira.*
429. **onde non pasou Cristo** ** *l.adv.* COL. Nun lugar remoto. *Ten unha casa en Grobas, onde non pasou Cristo.*
430. **para máis carallo** *** *l.adv.* VULG. [Introduce con énfase unha cousa ou acción que se engade a outra que se expresa]. *Xa iamos con atraso e pra máis carallo avariáusenos o vehículo polo camiño.*
431. **pelo a pelo** * *l.adv.* COL. Unha cousa por outra, sen ter que pagar máis nada. [Úsase co verbo *cambiar*]. *Se mo quere cambiar, eu cámbiollo pelo a pelo.*
432. **pola mao del/dela** ** / **pola súa mao** ** *l.adv.* 1. Coas propias mans. *Xa come pola mao del. / A rapaza rompeume aquela figura que fixera eu pola miña mao, mais eso pódelle pasar a calquera.* 2. Por si mesmo, por propia iniciativa. *Busquei ser operada pola miña mao.*
433. **pola raíz** ** *l.adv.* Completamente; definitivamente. *Aquí hai que cortar pola raíz, non se pode consentir nada deso.*
- pola súa mao** > 432
434. **pola vella** ** *l.adv.* En cantidade, con abundancia. *Esta vez trouxemos ovos da aldea pola vella.*
435. **pola vida** ** *l.adv.* Moito [Úsase con verbos como *querer*]. *El quéreme pola vida, seino moi ben.*
436. **por lei dereita** ** *l.adv.* Por lóxica; en xustiza, segundo a estrita aplicación das normas. *Por lei dereita eu teño que ir antes ca ti, que son máis vella, son a túa nai. / A casa, por lei dereita, ten que ir para a filla.*
437. **por xunto** ** *l.adv.* En conxunto, na totalidade, dunha soa vez, ao mesmo tempo. –*Nunca gastei diñeiro nos dentes.* –*Pois agora valo gastar por xunto.*
438. **que Deus a bota** ** *l.adv.* COL. Moito, en abundancia. [Úsase co verbo *chover*]. *Non puidemos saír fóra, chovía que Deus a botaba.* # *chovía que Dios a botaba.*
- que mete medo** 2, 3 > 95
- que nin o demo** 2, 3 > 96
- que nindíós** 2, 3 > 97
439. **se cadra** *** *l.adv.* [Indica dúbida ou posibilidade. Utilízase co verbo en indicativo]. *Se cadra non é este un bo momento para llo dicir.*
- tres días nun verao** > 414
440. **volta non volta** ** *l.adv.* COL. Continuamente, repetidamente. *Volta non volta, veña a falar de enfermidades.*
441. **vou non vou** ** *l.adv.* COL. Con indecisión, con dúbida ou en situación de inminente mudanza. *Eu estaba así, vou non vou, para ser operada.*

2.2.5. Locucións pronominais

442. **alma nacida** * *l.pron.* Ninguén. *Non hai alma nacida que non lle guste o polo da casa.*
443. **nin un chavo** * *l.pron.* COL. Nada absolutamente. [Úsase, xeralmente en oracións negativas, con verbos como *quedar, ter* ou *valer*]. *Non lle deron nin un chavo.*
444. **todo María Santísima** ** *l.pron.* COL. Todos, todo o mundo. *Convidou ao casamento dos netos a todo María Santísima.*
445. **un can** *** *l.pron.* COL. Nada absolutamente. [Úsase, xeralmente en oracións negativas, con verbos como *quedar, ter, valer* etc.]. *Toda esa xente que non valía un can*

son os que se fixeron ricos. / Esa presentadora non me gusta nada: non vale un can.

446. **Xan e Pedro** ** *l.pron.* COL. Uns e outros, todos, calquera. *Vas a Pontevedra e topas con Xan e con Pedro.*

2.3. Fórmulas

447. **A fame voando** ** *fórm.* COL. [Dise para expresar compaixón ou para criticar o que di ou fai alguén]. *Ten trece anos e di que vai saír co seu noivo. A fame voando! / –Eso non é cocido nin é nada. –A fame voando.*

448. **A madre que te/o... pareu!** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *A madre que a pareu! Sabes o que me dixo?*

449. **Á noite María toma a roca** * *fórm.* COL. [Dise como crítica cando alguén acorda facer algo a última hora]. *Tiveches todo o día e poste agora a facelo, á noite María toma a roca!*

450. **A parteira que te/o... apañou!** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar desgusto, reproche ou rexeitamento]. *Se os rebentadores da manifestación do 25 de setembro de 2012 eran policías, a parteira que os apañou! / Explicáballe e non me entendía. Dixen eu: a parteira que te apañou!*

451. **Agora si que (a) foi!** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar desgusto ou desaprobación ante algo que se considera absurdo]. *Agora si que che foi, ou sexa que, segundo ti, os que fixeron todo foron eles; nós non axudamos nada!*

452. **Agora xa foi** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar que algo xa non ten remedio]. *Vaia, pois agora xa foi. Para outra vez lembrareime de poñer as castañas a*

menos lume para que non se queimen.

453. **(Aínda) bo é/foi...** ** *fórm.* [Úsase para indicar que algo non resultou tan negativo ou prexudicial como podería ter sido]. [Pode ir seguida dunha oración introducida pola conxunción “que”]. *–Avaríouse a televisión e só se ve esa cadea, que é a que nós vemos. –Inda bo é. / Bo foi que levabamos con que taparnos. / –Como estades? –Imos e bo é!*

454. **Arre carallo!** *** *fórm.* VULG. [Úsase para expresar admiración, sorpresa ou asombro]. *Arre carallo, a ese pra o tirar da cama tes que ir ao libro!*

455. **Arre demo!** *** *fórm.* COL. [Úsase para expresar admiración ou sorpresa]. *Arre demo! O que tal fala esa muller!*

456. **Ata outra hora** ** *fórm.* [Dise para se despedir]. *Ben, amigos, ata outra hora. # asta outra hora.*

457. **Ata vernos** * *fórm.* [Dise para se despedir]. *–Xa me é tarde, adeus. – Pois ala, ata vernos. # asta vernos.*

458. **Como di o outro** *** / **Como din alí** ** / **Como dixo o outro** *** *fórm.* COL. [Úsase cando se vai citar un dito ou proverbio ou para acompañar algo que se dá por consabido]. *–Di que lle vai emprestar ela o diñeiro. –Como dixo o outro: ti que non podes lévame ao lombo. / Como din alí: o que ten pau fai achas.*

459. **De vello/a, gaitero/a** ** *fórm.* COL. [Utilízase para expresar que unha persoa maior fai cousas que non son propias da súa idade ou que alguén xa non ten idade para algunha cousa]. *Estou facendo unha cortina, agora de vella gaiteira.*

460. **Deixa andar o can coa roca** ** *fórm.* COL. [Úsase para expresar que se debe deixar que as cousas sigan o

- seu curso]. *Ti tranquilo, deixa andar o can coa roca.* # deixa andar o can coa roda/roca.
461. **Deus o/os... descanse ** / Deus o/os... teña no descanso * fóm.** [Dise cando se menciona unha persoa morta]. *Veú o irmao, que tamén morreu, Deus o descanse...* # Dio-la teña no descanso / Dio-lo descanse.
462. **Deus o faga mellor *** fóm.** [Dise para expresar o desexo de que algo mencionado (polo que fala ou por outro) non suceda]. *-E se lles pasou algo polo camiño? -Deus o faga mellor!* # Dio-lo faga mellor!
463. **Deus o pague *** fóm.** [Dise para mostrar agradecemento]. *Deus o pague, nena, mais non tiñas que me traer nada. / O xantar estaba moi bo. Deus o pague.* # Dio-lo pague.
- Deus o/os... teña no descanso > 461**
464. **Deus que te/o... fixo! *** / Deus que te/o... pareu *** fóm.** COL. [Dise para expresar desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *Deus que vos fixo! Non podiades estar calados? / Deus que os pareu, teñen unha chea de negocios.* # Dios que te/o... fixo! / Dios que te/o... pareu.
465. **Dígocho/dígovolo eu! *** fóm.** [Dise para mostrar enfaticamente conformidade ou acordo]. *-Se chovese un pouco non facía mal. -Muller, dígocho eu! / -En Agolada compramos unhas barras de pan e comémolas con queixo. Non é mala cousa. -Ben bo é, dígocho eu!*
466. **E ao carallo *** fóm.** VULG. [Dise como conclusión para dar énfase a algo que se dixo]. *Non hai maneira e ao carallo.*
467. **É bo milagre! ** fóm.** COL. IRÓN. [Expresa que algo non estraña ou non sorprende (normalmente como resposta a algo)]. *-Hoxe dóenme as costas. -Éche bo milagre, levás todo o día a traballar...! # é bo milagre!*
468. **E logo (?) *** fóm.** 1. [Úsase para afirmar unha cousa de modo patente. Equivale a "claro que si", "sen dúbida", "con certeza". Existe tamén a variante "e logo non!"]. *-Aquela canción tiña contido social. -Tiña, ¿e logo? / -Ti tamén queres participar? -Quero, ¿e logo non!* 2. [Úsase para engadir énfase nunha interrogación, ao principio da frase]. *-Non vexo nada ben, teño que ir ao oculista. -E logo o teu irmao? O teu irmao está tamén coma as toupas.* 3. [Úsase para preguntar pola razón ou causa de algo. Equivale a "¿por que?"]. *-Ao final non vou convosco ao cine. -E logo?*
469. **Era boa! *** fóm.** COL. [Expresa rexeitamento ou negación ante algo que se considera inadmisíble]. *Traballar para eles sen cobrar? Érache boa!*
470. **Escapa o gato! * fóm.** COL. [Dise para que se peche a porta porque entra frío]. *Escapa o gato!*
471. **Este mundo é un bandallo, chove nel igual ca fóra! * fóm.** COL. [Úsase para se queixar por algo]. *-Hai tanta corrupción! -Este mundo é un bandallo, chove nel igual ca fóra.*
472. **Falar ben non custa un carallo * fóm.** COL. HUM. [Dise cando se oe algunha palabra groseira]. [Tamén se di **fala/falade ben que non custa un carallo**]. *Non fales así, home, que falar ben non custa un carallo.* # falar ben non costa un carallo.
473. **Hai cousas que parecen lousas ** fóm.** COL. [Dise de algo que parece sorprendente, de algo que produce

- admiración]. *Agora saboréoo máis. Como é máis caro...! Haiche cousas que parecen lousas! / Pasou case nove meses grávida e non o sabía, só o soubo cando dou á luz. Haiche cousas que parecen lousas!*
474. **Madia levas/leva...!** *fórm.* 1. ** [Dise de quen ten ou tivo boa sorte. (Nesta acepción úsase en diferentes tempos e persoas)]. *Aquí madia levades que se ve a televisión. | Madia levastes que tamén vos fixeron rir.* 2. * [Dise para expresar acordo e que hai razóns para que sexa así. (Nesta acepción úsase exclusivamente na forma “madia leva”)]. *Estás aburrido. Madia leva, toda a tarde sen saíres da casa!* [Nota: o uso da segunda acepción é de Gil Cabana, natural do concello de Monterroso].
475. **Máis se perdeu na guerra de Cuba** ** *fórm.* COL. [Dise cando se quere tirar importancia a algunha perda]. *Non te preocupes por eso que máis se perdeu na guerra de Cuba.*
476. **Manda carallo!** *** / **Manda nabo!** *** *fórm.* VULG. [Dise para expresar admiración, sorpresa ou asombro]. *Mándache nabo! E eso que son irmaos.*
477. **Manda forza!** * *fórm.* COL. [Dise para expresar admiración, sorpresa ou asombro]. *Mándache forza! Que cousas temos que oír!*
- Manda nabo!** > 476
478. **Morra Marta, morra farta** ** *fórm.* COL. [Dise para xustificar comer en exceso ou do que non se debe]. *Esta torta de queixo está deliciosa. Non debería comela mais morra Marta, morra farta!*
479. **Nin tanto acá nin tanto alá** *** / **Nin tanto alá nin tanto acá** *** *fórm.* [Dise para expresar que non se debe esaxerar, equivale a “nin excederse nin ficar curto”]. *Tampouco estou de acordo con eso, nin tanto acá nin tanto alá.*
480. **Non era sen tempo** ** *fórm.* [Dise para expresar que unha cousa xa debería ter ocorrido antes]. [Tamén se di **Non é sen tempo** e **Non foi sen tempo**]. *Xa chegamos e xa non era sen tempo.*
481. **Non sexa o demo (que + ORACIÓN)** *** *fórm.* COL. [Expresa precaución ou temor de que algo suceda]. *Tes que ter coidado con esas ferramentas non sexa o demo que te firas.* # non sea o demo que.
482. **Non teñas medo!** *** *fórm.* COL. [Úsase para asegurar que non sucederá unha determinada cousa. Equivale a “non te preocupes que iso non vai acontecer” ou “nin imaxines que iso aconteza”]. *–O mellor que se pode facer co licor é non bebelo. –Pois non o beba. –Non teñas medo! / Ti cres que din unha palabra en galego a toda esa xente que pasa polo hospital? Non teñas medo! / –Papá, vas ter que comprar un computador e poñerte ao día. –Non teñas medo!*
483. **Outra vaca no millo!** *** / **Outra vaca no trigo!** *** *fórm.* COL. [Dise para expresar desgusto ou rexeitamento. Utilízase cando alguén fai ou di algo do que non gustamos, co que non estamos de acordo ou que coidamos non ser certo]. [Tamén se di **Outra vaca mais no millo!**, **Outra vaca vai no millo!**, **Outra vaca mais no trigo!** e **Outra vaca vai no trigo!**]. *–Séntate, que estás aí a... –Outra vaca máis no millo! / –Pucho Boedo fíxose famoso desde que morreu. –Outra vaca no trigo! # outra vaca máis no millo / outra vaca no trigo /outra vaca vai no trigo / outra vaca máis no trigo.*

484. **Paciencia, ratos, que arden muíños!**
* *fórm.* COL. [Dise para tranquilizar ou consolar alguén ante un contratempo ou unha pequena "traxedia". Tamén cando alguén é moi impaciente ou nos está apurando]. *Paciencia, ratos, que arden muíños! A ver se para outra ocasión pode ser!* # paciencia, ratos, que arden molinos!
485. **Pés de puta!** ** *fórm.* VULG. [Dise para expresar a rapidez con que alguén foxe de algo ou alguén, xeralmente dun perigo]. *-Xa estás boa? -No hospital dixéronme se quedaba no cuarto e eu "¡pés de puta!"* # pés/pies de puta.
486. **Polo carallo!** ** *fórm.* VULG. [Expresa desconformidade, oposición a algo ou negación con desprezo]. *Ir eu ali? Polo carallo!*
487. **Poucas as grazas** ** *fórm.* COL. [Expresa que algún feito non é para admirarse ou non é de estrañar, senón que é o normal ou natural, que hai razóns para que sexa así]. *-Ti es un bo cliente, que sempre compras do seu queixo. -Home, poucas as grazas, é un veciño meu.* # pouca-las gracias.
488. **(Que) tumba e (que) taramba** * *fórm.* COL. [Dise para abreviar palabras ditas por outra persoa que non se queren repetir]. *Dicía que non volvería e que tumba e que taramba.*
489. **Que (che/vos...) vaia ben!** *** *fórm.* [Dise para se despedir de alguén]. *-Ala, pois ata logo. -Que vaia ben!*
490. **Quen (me/che...) dera (+ OD)!** *** *fórm.* [Dise para expresar o desexo de ter ou de que suceda a cousa que se expresa]. *-Ti cociñas moi ben. -Quen me dera! Eu son só un principiante. / Quen lle dera a ela cociñar como ti o fas.*
491. **Se comes así mañán, non morres hoxe** * *fórm.* COL. HUM. [Díselle a alguén que está a comer unha comida abundante]. *Vaia almorzo! Se comes así mañán, non morres hoxe.*
492. **Se estas son guerras, veñan balas**
fórm. COL. [Dise cando unha cousa estivo moi ben, cando unha cousa gustou moito, en especial unha comida]. *Vaia xantar comemos hoxe. Como dicía o meu sogro, se estas son guerras, veñan balas.*
493. **Tal para cal alpargata e media** ** *fórm.* COL. [Dise para se referir a dúas persoas que son parecidas. Xeralmente en sentido pexorativo]. *-Eses sempre xuntos. -Tal para cal alpargata e media.*
494. **Tarde piaches/piastes** ** *fórm.* COL. [Dise cando alguén se lembrou tarde de algo ou cando xa é tarde para algo]. *Tarde piaches, agora xa non pode ser.*
495. **Ti, que non podes, lévame ao lombo**
** *fórm.* COL. [Dise para criticar a quen, podendo menos ca outro, quere axudalo]. *-Di que lle vai emprestar ela o diñeiro. -Como dixo o outro: ti, que non podes, lévame ao lombo.*
496. **To, demo, to!** ** *fórm.* COL. [Dise para expresar desaprobación, desacordo ou incredulidade]. *-Xa é tarde; vamos prá cama. -To, demo, to!*
497. **Tócalle o carallo!** ** / **Tócalle o nabo!** ** *fórm.* VULG. [Dise para expresar admiración ou sorpresa]. *Tócalle o nabo! A que chegamos!*
498. **Tócalle o sacho!** ** *fórm.* VULG. [Dise para expresar admiración ou sorpresa]. *Tócalle o sacho! Se non o vexo non o creo!* [Nota: debe de ser un eufemismo de "tócalle o carallo!"]
499. **Vai boa!** *** *fórm.* COL. [Úsase para expresar que hai moita diferenza entre o que se di e o que realmente é ou para dar máis énfase a unha valoración]. **1.** *Na política si que retrocedemos. Vai*

boa! / Ela con el ten moita relación, ¡vaiche boa! 2. [Úsase para expresar que hai moito tempo que ocorreu algunha cousa]. –*Xa oístes o cuco este ano? –Vai boa que oín eu o cuco.*

500. **Xa que estás mollado vai ás verzas** ** *fórm.* COL. [Dise en situacións en que unha persoa quere que outra faga un labor ou traballo que podía facer ela]. –*Non podo ir que estou en pixama. Vai ti.* –*Aí, claro, teño que ir eu, xa que estás mollada vai ás verzas.*

2.4. Refróns

501. **A comer e a rañar todo o mal é empezar / O comer e o rañar todo o mal é empezar** *ref.* O máis difícil é o comezo.
502. **A fermosura vai nos ollos de quen a mira** *ref.* A fermosura é algo subxectivo. # a hermosura vai nos ollos de quen a mira.
503. **A leña de salgueiro arde no regueiro** *ref.* A leña de salgueiro arde moi ben.
504. **A onde irás, boi, que non ares, á cortadoría** *ref.* Onde queira que vaias con certeza que terás que traballar e moito, como en todos os sitios. # A onde irás, boi, que non ares, á cortadoría / A onde vas, boi, que non ares, á cortadoría.
505. **Á vellez todo se arrima, menos a fermosura / Á vellez vén todo... menos a fermosura / Todo se arrima á vellez menos a fermosura** *ref.* Cando se é vello todo son achaques e doenzas. # á vellez todo se arrima, méno-la hermosura / á vellez vén todo... menos a hermosura / todo se arrima á vellez méno-la hermosura
506. **Arde a casa, quentémonos aos cangos** *ref.* Ante unha situación negativa ou pouco vantaxosa cómpre aproveitar e tirar algo positivo.

507. **Ás femias velas ir e aos machos velos vir** *ref.* Para saber se son bos, ás femias cómpre velas por atrás e aos machos por diante. Pódese aplicar tamén ás persoas.
508. **Burra grande ande ou non ande** *ref.* A aparencia é importante, aínda que, en realidade, non sirva para moito.
509. **Cada can lambe o seu rabo** *ref.* Cada persoa debe resolver os seus problemas.
510. **Cada un sabe as goteiras da súa casa** *ref.* Cada persoa coñece os problemas que ten. # Cada un sabe as goteras de su casa.
511. **Cambiarás de muñeiro pero non de ladroeiro** *ref.* Aínda que vaias a outro vendedor ou comprador todos falan e miden igual, todos se aproveitan.
512. **Cando non hai pan aprovéitanse as faragullas** *ref.* Hai que se conformar co que hai.
513. **Castañas e landras, ano de rebandas** *ref.* Un ano de castañas e de landras é un bo ano. [Nota: unha rebanda é unha porción delgada, xeralmente de grosor uniforme, que se obtén cortando unha cousa dun lado ao outro. Aquí probablemente se refire a unha rebanda de pan e por extensión á fartura].
514. **De balde andan os cas e levan pedradas** *ref.* Ninguén fai nada de balde.
515. **En todas as partes hai roedores de cañotos** *ref.* En todas as partes existen problemas ou cousas negativas. # en tódolos sitios hai roedores de cañotos / en tódalas partes hai roedores de cañotos.
516. **Guedellos de lan, se non chove hoxe chove mañán** *ref.* Cando no ceo hai nubes que parecen ovellas sen rapar, é sinal de que vai chover.

517. **Hai que alzar cando vai vento** *ref.* Cómpre aproveitar as ocasións cando se presentan.
518. **Marzo marzán cara de can** *ref.* Alude ao mal tempo deste mes.
519. **Non hai palleiro sen palla** *ref.* Quen está gordo é porque come.
520. **Non sirvas a quen sirveu nin pidas a quen pideu** *ref.* Acostuma acontecer que quen pasa dunha posición baixa a unha superior é máis esixente cos de abaixo.
521. **Nos niños do pasado non hai paxaros este ano** *ref.* As cousas do pasado xa non teñen vixencia.
522. **Nubes pra Lugo, agua no puño** *ref.* Se hai nubes para o nordés é sinal de que vai chover.
- O comer e o rañar todo o mal é empezar** > 501
523. **O que ben fai a cama ben se deita nela** *ref.* O que procura as cousas, tenas ben.
524. **O que boa espera, boa lle vén** *ref.* Hai que ser optimistas.
525. **O que cose sen dedal cose pouco e mal** *ref.* É preciso usarmos os utensilios adecuados para cada labor.
526. **O que ha de comer o demo poñerllo á porta** *ref.* As cousas difíciles ou desagradables é mellor facelas o antes posible.
527. **O que non forra leña non forra cousa que teña** *ref.* A leña supón un gasto importante.
528. **O que non ten cabeza escusa sombreiro** *ref.* Á persoa que ten pouco sentido, escusas dicirlle algo porque non che vai facer caso.
529. **O que perde a noite perde o día / Quen perde a noite perde o día** *ref.* Quen non dorme pola noite, de día non anda ben.
530. **O que ten fillos non rebenta coa chea (ou de cheo)** *ref.* Ao ter fillos non se pode ter todo o que un quere, xa que hai que repartir con eles.
531. **O que ten pau fai achas** *ref.* Quen ten reservas soluciona os problemas.
532. **O que todo quere todo perde** *ref.* Non debemos ser excesivamente ambiciosos.
533. **O traballo non mata pero amata** *ref.* O traballo en por si non mata mais deteriora a saúde.
534. **Ovos sen sal cen anos fan mal** *ref.* Aos ovos hai que lles botar sal.
535. **Polo pan baila o can** *ref.* Cando alguén fai algo é porque espera tirar un beneficio. *Cando fai eso é porque espera ganar algo: polo pan baila o can.*
536. **Pouco prato e moito zapato** *ref.* Cómpre moderarse ao comer e camiñar, pois son dúas cousas boas para a saúde. # pouco plato e moito zapato.
537. **Quen fala mal dos seus a súa lingua enlixa** *ref.* Non se debe falar mal da familia. # quen fala mal dos seus a súa lingua enlixa.
- Quen perde a noite perde o día** > 529
538. **Rubio prá beira do mar, vellas a asollar** *ref.* Se hai roibéns para o oeste, o día seguinte irá bo día e as mulleres poderanse poñer ao sol.
539. **Segundo é o carro, tales fumeiros leva** *ref.* Alude á correspondencia entre unha persoa e algo dela. –*Ván casar; queres ver a foto da noiva?* –*Non fai falta, segundo é o carro, tales fumeiros leva.* # según é o carro, tales fumeiros leva.
- Todo se arrima á vellez menos a fermosura** > 505
540. **Un cura non cae dun castiñeiro embaixo** *ref.* As cousas só lles ocorren

ás persoas que están en situación de que lles pasen, ás que se arriscan. –*Pois ao meu fillo nunca lle pasou unha cousa así. –Claro, un cura non che cae dun castiñeiro embaixo.*

541. **Un non quere, dous non pelexan ref.**

Para dúas persoas rifaren teñen que querer as dúas.

542. **Unha vez non son veces ref.** Ás veces pódese facer unha excepción. –*Vou eu ir andando a Forcarei? –Unha vez non son veces.*

3. Apéndice

A seguir consigno as unidades fraseolóxicas que non incluíñ por diferentes motivos, xeralmente por escaseza de información nalgún dos aspectos: (*ir*) á parte; (*morrer a xente*) a pasto; a sin güeso; a troche moche; agarrarse a un clavo ardendo; andar no mundo por andar; arrancar pelos dunha perna e plantalos noutra; atar cas con longanizas; (*ser un*) bo punto; botar de falta algo/alguén; burro coma unha porta; caír do ceo; cenar coma o porco de san Antonio; chiárenlle os oídos a alguén; (*estamos*) como las rosas; (*estar*) como tres cun zapato; correr (*as*) sete cañadas; cos pés na terra; dar patadas contra o aguillón; dar patadas contra o escañil; de min a ti; de volta e media; escupir alto; fabas contadas; facerlle a capa a alguén; facerlle as beiras a alguén; ir por mal camiño; lances do oficio; levantar a ala; levar nas narices; lombos de burro; máis burro que unha porta; medrar coma a espuma; meter a cabeza debaixo da ala; nin arre nin xo; nin rabo de gaita; non dar boa espiña; non hai can que o roia; pasalas putas; poñer a venda antes da herida; pra pouca saúde, ningunha; que dous pés para un banco!; redondo coma unha pelota; ser coma a pescadilla que morde a cola; son contos do arco da vella; ter callo; ter mao; ter que o roer; teso coma unha vela; ver o mundo todo; vir coma potes; xiarlle na cabeza; xogar na punta dun toxo.

